A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:11:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:11:24
Nº Rexistro: 46062
Data envío: 16/01/2026 12:11:24.620

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21047**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a posibilidade de lle reclamar ao Goberno central a cesión do antigo ambulatorio de Betanzos para convertelo nun centro de día público"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A día de hoxe non existe previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia no orzamento de 2026 para a construción dun centro de día no concello de Betanzos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:11:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:11:07
Nº Rexistro: 46059
Data envío: 16/01/2026 12:11:07,471

CSV: BOPGDSPG-MfxcvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27221**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“a postura da Xunta de Galicia verbo da promoción dos produtos de calidade e de proximidade a través da súa inclusión no «menú do peregrino» dos albergues públicos do Camiño de Santiago”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Na Rede de Albergues Públicos da Xunta de Galicia non se ofrecen servizos de comida, o obxectivo desta medida é fomentar o consumo nos establecementos da contorna local e contribuír á dinamización socioeconómica dos concellos polos que pasan os Camiños de Santiago.

Neste marco, é prioritario concienciar aos albergues privados e ao conxunto do sector turístico sobre a importancia dunha cultura alimentaria saudable, sustentable e vinculada á proximidade. Para iso, o proxecto ULTREIA SUDOE prevé a implicación da chamada cuádruple hélice de innovación social, que integra á administración pública, centros de coñecemento, empresas e sociedade civil, entre eles administracións locais e rexionais, asociacións de peregrinos, empresarios turísticos, produtores e cidadanía.

Este proxecto piloto conta cun orzamento total de 1.407.300 €, un período de execución comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2026, e abrangue cinco territorios: Potes (Cantabria), Belorado (Burgos), Eauze (Francia), O Cebreiro (Lugo) e Vila Pouca de Aguiar (Portugal).

O proxecto estrutúrase en tres partes interconectadas:

Os HUBS, que actúan como espazos de gobernanza local, **as Paradas no Camiño**, que son puntos físicos de encontro, descanso e información, e que permiten a valorización do patrimonio cultural, agroalimentario e artesanal, **e a dixitalización**, mediante sistemas de medición de fluxos de persoas e outras ferramentas tecnolóxicas, que achegan datos para a planificación, a toma de decisións e o coñecemento da experiencia dos peregrinos.

No caso de Galicia, o proxecto piloto desenvolverase entre Pedrafita do Cebreiro e Sarria, afectando directamente aos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos e Sarria. Alí poranse en marcha dúas iniciativas concretas: unha Parada no Camiño en O Cebreiro e un HUB en Samos.”

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:34:12
Nº Rexistro: 47466
Data envío: 22/01/2026 16:34:12.641

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:34:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:34:12
Nº Rexistro: 47466
Data envío: 22/01/2026 16:34:12.641

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16528**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a eventual realización por parte do Goberno galego dun estudo sobre a eficacia das súas políticas de loita contra os incendios forestais, as medidas preventivas e cantidades orzadas desde o ano 2023, así como as accións en silvicultura preventiva realizadas desde xaneiro de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se vén realizando durante todos estes anos e que dá lugar a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

Para este tipo de actuacións a Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento.

Ademáis do comentado respecto do plan de prevención, cómpre sinalar que nel constan unha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como selvicultura preventiva, considerando, principalmente, os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:16:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46304
Data envío: 16/01/2026 22:16:16.410

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16530**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as dificultades que atopan os concellos para a formación das brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais por falta de persoal e a eventual reformulación do modelo por parte do Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, recollida de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, devén nunha das accións de demostrada eficacia fronte a este obxectivo común, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que desenvolver a prevención contra os incendios forestais.

O goberno galego vén realizando durante estes últimos anos melloras continuas nos convenios de colaboración asinados coas distintas entidades locais para a prevención e defensa contra os incendios forestais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:16:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46303
Data envío: 16/01/2026 22:16:08,964

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as estatísticas e os datos referidos ás concentracións parcelarias desde 1954, desde o número, a superficie, os usos, a localización e as persoas ligadas a elas ata o seu nivel de afección polos lumes ou a vinculación ao Banco de Terras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información das parcelas xestionadas polo Banco de Terras atópase publicada na web da Axencia: <https://agader.xunta.gal/gl/banco-de-terras/datos-principais/>

A información dos predios incorporados pode consultarse en SITEGAL, que é a ferramenta informática de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural empregada polo Banco de Terras de Galicia para a xestión integral e o desenvolvemento das súas funcións ordinarias que inclúe a posta á disposición das persoas usuarias do Catálogo de predios dispoñibles. Este catálogo inclúe información sobre a identificación, a localización, a superficie, as actividades admisibles e o prezo de saída do predio, poden consultarse en:

<https://sitegal.xunta.gal/sitegal>"

Por outra banda, a información sobre os procesos de concentración parcelaria pode ser consultada na seguinte ligazón: <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:16:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46302
Data envío: 16/01/2026 22:16:03,445

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o estado da tramitación da convocatoria de subvencións para a prevención dos incendios forestais publicada en outubro de 2023 e as medidas da Consellería do Medio Rural para axilizala e facilitarlle ás comunidades de montes en man común e ás Sofor o seu traballo preventivo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Finalizado o 20 de novembro de 2023 o prazo de presentación de solicitudes, o seu número superou amplamente as expectativas, xa que se recibiron en prazo un total de 753 solicitudes, 640 de liña I e 113 de liña II.

Non se pode minimizar a complexidade e a intensidade do traballo administrativo que supón todo o proceso de tramitación e aprobación das axudas solicitadas, suxeitas a controis moi estritos polo feito de estar cofinanciados polo Feader.

A Xunta de Galicia non ten ningún interese en que se produzan demoras na publicación de ningunha orde de axudas, e menos de aquelas que teñen como obxecto cunha cuestión tan sensible como a prevención dos incendios forestais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:15:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46301
Data envío: 16/01/2026 22:15:58,053

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16540**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a situación das especies de frondosas caducifolias en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia relativas ao impulso de plans de mellora co obxectivo de aproveitar o seu potencial económico e ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego traballa para seguir aumentando a calidade dos produtos dos montes de frondosas autóctonas. Tal é así, que un dos obxectivos estratéxicos específicos da Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas é "promover a produción de madeira de frondosas de alto valor en formacións naturais de especies autóctonas" e tamén en "plantacións con xestión intensiva".

1. Enlace ás publicacións da Consellería do Medio Rural - Estratexia de Frondosas:
<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/publicaciones>

2. Enlace da Estratexia de frondosas na Librería Institucional da Xunta de Galicia:
<https://libreria.xunta.gal/es/estratexia-para-o-fomento-da-xestion-activa-das-masas-de-frondosas>

Ademais é de resaltar a existencia do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña que contribúe a mellorar o aproveitamento das frondosas.

O Goberno galego está a desenvolver actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido e diminuír o risco de incendios forestais. Exemplos:

- Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.
- Axudas para o fomento das frondosas.
- Recuperación e creación novas áreas de castiñeiro para produción de castaña e madeira".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46300
Data envío: 16/01/2026 22:15:52.401

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:15:52

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16542**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a eventual realización por parte do Goberno galego dun estudo respecto da eficacia das súas políticas de loita contra os incendios forestais, as medidas preventivas e as cantidades orzadas desde o ano 2023, así como as accións en silvicultura preventiva realizadas desde xaneiro de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que dá lugar a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

Ademáis do comentado, o plan de prevención conta cunha serie de actuacións alí incluídas que poden considerarse como silvicultura preventiva (traballos con medios propios, áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:15:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46299
Data envío: 16/01/2026 22:15:46.022

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia destinadas ao fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta e do asociacionismo forestal, así como ao cumprimento da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego traballa na flexibilización das figuras de agrupacións forestais mediante a creación dun novo tipo de asociación que permita a colaboración entre os propietarios sen requirir a cesión das superficies. Este modelo básico permitirá desenvolver actividades conxuntas como representación, comercialización, apoio técnico ou loita contra pragas, con opción de evolucionar cara a unha xestión conxunta plena.

Para alcanzar os obxectivos do Decreto 140/2021, estase a executar unha reforma das figuras asociativas, promovendo asociacións forestais máis flexibles e simplificando os requisitos administrativos. O Goberno galego habilita tamén incentivos económicos e ferramentas técnicas para facilitar a creación de novas agrupacións e o incremento da superficie xestionada conxuntamente. O cumprimento destes obxectivos dependerá da colaboración entre propietarios forestais, avanzando de maneira colaborativa a xestión sustentable prevista no Plan Forestal.

O Goberno reafirma o seu compromiso co asociacionismo, priorizando medidas para fortalecer as estruturas existentes e incentivando a creación de novas organizacións que favorezan a comercialización conxunta de produtos forestais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:15:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46298
Data envío: 16/01/2026 22:15:38,940

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16544**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o número de incendios forestais producidos nos últimos tempos no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, as medidas de colaboración co Goberno portugués para combatelos e as dirixidas a converter o parque nun motor económico da comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Calquera incendio forestal, e máis en espazos tan sensibles e de tan alto valor ecolóxico como o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, resulta inadmisíbel para o Goberno galego. A este respecto, cómpre lembrar o obxectivo xeral do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia, e por ende o de toda actuación do dispositivo de defensa contra os incendios forestais, que é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na comunidade autónoma de Galicia dentro dos recursos dispoñíbeis.

Cabe recordar que no Pladiga do ano 2022 recóllese na súa memoria e nos seus anexos as conclusións do "estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na ZEPVN Baixa Limia, propostas de mellora de infraestruturas de defensa do monte".

As relacións internacionais, recollidas no caso dos incendios forestais no Protocolo entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación técnica e asistencia mutua en materia de protección civil, son competencia do Estado. Protocolo que o goberno galego cumpre segundo o establecido.

Como é habitual cando se rexistra un lume preto da fronteira, actívase a colaboración por parte da Xunta de Galicia coas autoridades portuguesas, no marco do convenio de asistencia mutua asinado para estas ocasións. De feito, soen achegarse medios de Galicia para traballar na extinción destes lumes, sempre tendo en conta a dispoñibilidade do noso operativo que ten, como é lóxico, a prioridade de atallar os lumes en territorio galego.

A colaboración entre a administración galega e a portuguesa no caso dos incendios forestais é normal e habitual nos lumes ao carón da fronteira, ben sexa da parte galega como da portuguesa. Colaboración que tamén se demostra, incluso, nas infraestruturas, pois a base aérea de Verín-Oímbra, posta en servizo en 2024, é o mellor exemplo de servizos transfronteirizos para a loita contra o lume".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46330
Data envío: 16/01/2026 22:25:45.382

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16545**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a carencia de persoal en determinadas ocupacións do sector forestal, concretamente para a limpeza e roza de terreos rurais con risco de incendios, e as medidas previstas pola Xunta Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 22 describe o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das faixas.

O propietario da parcela debe proceder á limpeza da súa parcela, en caso de que incumpra a súa obriga, a Administración pública competente inspeccionará a parcela e enviará unha notificación recordando a súa obriga. Transcorrido o prazo regrado, se o propietario segue incumprindo a súa obriga pódese proceder a execución subsidiaria, cuxa ferramenta ten que ser solicitada polo concello.

Atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais, ao longo do ano realízanse traballos mecanizados nos concellos adheridos, o que reforza un dos obxectivos específicos establecidos no Plan de Prevención".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46329
Data envío: 16/01/2026 22:25:39.858

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16553**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o traballo desenvolvido polo Goberno galego para materializar as recomendacións do Parlamento de Galicia relativas á elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais e as valoracións sobre a importancia desta planificación para o desenvolvemento do sector da madeira e a protección contra os lumes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a dar pasos para a elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) a través dunha normativa autonómica que establece que a Administración forestal é a encargada de desenvolver estes plans como instrumentos clave de planificación forestal. Esta normativa pretende proporcionar un marco regulador e operativo para a xestión dos recursos forestais en Galicia, asegurando a súa conservación e aproveitamento sustentable.

A planificación forestal é unha tarefa esencial para a loita contra os lumes. Isto derivase da importancia que se dá aos instrumentos de planificación forestal, como se menciona na lei de montes. Ademais, enfatízase que a ordenación dos montes inclúe a organización no tempo e no espazo dos recursos forestais, o que implica unha xestión sustentable que tamén contempla a prevención de incendios. Esta planificación integral asegura unha mellor preparación e resposta aos lumes forestais, contribuíndo así á súa prevención e control.

A planificación forestal tamén é esencial para o desenvolvemento do sector da madeira. A lei de montes subliña que o Plan forestal de Galicia é o instrumento estratéxico para o deseño e a execución da política forestal galega. De feito, o Goberno galego ten previsto elaborar os PORF atendendo ao exposto no Plan Forestal de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46328
Data envío: 16/01/2026 22:25:33,420

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16555**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as dificultades na constitución de brigadas municipais de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, o seu período anual de actividade e as medidas que prevé destinar o Goberno galego a facilitar a súa formación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, recollida de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, devén nunha das accións de demostrada eficacia fronte a este obxectivo común, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

O goberno galego vén realizando durante os últimos anos melloras continuas nos convenios de colaboración asinados coas distintas entidades locais para a prevención e defensa contra os incendios forestais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46327
Data envío: 16/01/2026 22:25:27.979

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as dificultades dos concellos galegos para a constitución de brigadas de defensa e prevención contra os incendios forestais e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, recollida de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, devén nunha das accións de demostrada eficacia fronte a este obxectivo común, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Esta colaboración coas entidades locais, tanto na prevención como na extinción, constitúe unha valiosa ferramenta no obxectivo común da loita contra os incendios forestais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
16/01/2026 22:25:18

173464



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46326
Data envío: 16/01/2026 22:25:22.290

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16560**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a situación actual respecto da repartición territorial dos medios de loita contra os incendios forestais, o criterio seguido neste aspecto nos dous últimos anos e a anunciada reestruturación dos distritos forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A localización dos recursos humanos, fixada na correspondente Relación de Postos de Traballo (RPT), obedece a tres parámetros fundamentais:

A) Á evolución e incidencia histórica do risco de incendio, tal e como se aprecia no apartado 3.6.3.2 do Pladiga 2024 (páxinas 54 e seguintes da memoria).

B) Á necesidade de dispoñer dos medios suficientes distribuídos por todo o territorio para atender as emerxencias 24x7.

C) A grande mobilidade destes recursos durante as súas quendas de traballo. Os límites administrativos non son en absoluto barreiras físicas para o desprazamento destes recursos.

O reparto de medios persoais e recursos aparece reflexado no anexo 3 das actualizacións anuais do Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46325
Data envío: 16/01/2026 22:25:15.911

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:15

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16564**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a seguridade da poboación e dos propios brigadistas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando as brigadas están incompletas ou sen xefe/a de brigada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 9970 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de setembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDlhNDg5NGYtYTFFkYi00Mjg2LTk0MDctNmE1M2MzOGNlMGY4> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:25:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46324
Data envío: 16/01/2026 22:25:10.446

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17020**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre **"os prazos previstos para pór en marcha as restantes convocatorias de axudas financiadas polo Fondo de Transición Xusta e dirixidas ás comarcas de Meirama e As Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"Neste momento, a práctica totalidade das convocatorias financiadas con Fondo de Transición Xusta (FTX) atópanse aínda en tramitación, debido a complexidade e rigor requirido na xestión destes fondos. É por iso que está previsto que se proceda á convocatoria ao longo do vindeiro cuadrimestre.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actuacións orientadas a promover o desenvolvemento económico e a reactivación social das comarcas directamente afectadas polo cesamento de actividade das centrais térmicas das Pontes e Meirama, procurando garantir unha transición ordenada, xusta e sostible para os territorios implicados, tal como esixe a xestión dos fondos destinados ás devanditas axudas.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa cohesión territorial e social, apostando por un modelo de transición que non deixe atrás ningunha comarca e que sente as bases para unha nova etapa de crecemento sostible e resiliente nos ámbitos máis impactados polo cambio de modelo enerxético."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:11:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:11:35
Nº Rexistro: 46064
Data envío: 16/01/2026 12:11:35.661

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17021**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre **"os prazos previstos para pór en marcha as restantes convocatorias de axudas financiadas polo Fondo de Transición Xusta e dirixidas ás comarcas de Meirama e As Pontes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"Neste momento, a práctica totalidade das convocatorias financiadas con Fondo de Transición Xusta (FTX) atópanse aínda en tramitación, debido a complexidade e rigor requirido na xestión destes fondos. É por iso que está previsto que se proceda á convocatoria ao longo do vindeiro cuadrimestre.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actuacións orientadas a promover o desenvolvemento económico e a reactivación social das comarcas directamente afectadas polo cesamento de actividade das centrais térmicas das Pontes e Meirama, procurando garantir unha transición ordenada, xusta e sostible para os territorios implicados, tal como esixe a xestión dos fondos destinados ás devanditas axudas.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia reitera o seu compromiso coa cohesión territorial e social, apostando por un modelo de transición que non deixe atrás ningunha comarca e que sente as bases para unha nova etapa de crecemento sostible e resiliente nos ámbitos máis impactados polo cambio de modelo enerxético."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:11:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:11:30
Nº Rexistro: 46063
Data envío: 16/01/2026 12:11:30.170

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17904**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e outros deputados e deputadas, sobre **"o incremento da subvención destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural e cal é o seu obxectivo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa de casas-niño é un programa impulsado pola Xunta de Galicia que ten por obxectivo facilitar a conciliación das familias con nenos ou nenas de ata 3 anos de idade que residen en concellos do ámbito rural, sempre cunha poboación inferior a 5.000 habitantes.

Para facelo posible, a Xunta de Galicia aprobou distintas ordes de subvención para a creación e o mantemento de casas-niño nestes concellos. A estas ordes téñense presentado de xeito voluntario persoas cunha formación específica e acreditada no ámbito educativo, que grazas ao seu bo facer convertiron este programa nunha iniciativa pioneira en España.

Dende o inicio deste programa, a Xunta de Galicia ten introducido diferentes melloras nas contías que perciben as titulares das casas-niño, sempre en permanente contacto coas profesionais que desenvolven este programa.

De feito, a contía da prima anual que perciben as titulares das casas-niño tense incrementado de xeito notable desde o inicio deste proxecto, no ano 2016. Un proxecto que contou co rexeitamento inicial do grupo autor desta pregunta.

Neste sentido, as últimas melloras que se teñen implantado no programa de casas-niño foi posible levalas a cabo grazas á aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, pese ao voto en contra do BNG. Ademais da contía da prima anual, a Xunta de Galicia tamén ten introducido unha subvención adicional para aquelas titulares de casas-niño cando contratan unha substituta nas baixas por maternidade, co obxectivo de compensar o incomprendible recorte aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez ás bonificacións das cotizacións en contratatacións para efectuar substitucións por maternidade.

En todo caso, a Xunta de Galicia seguirá traballando da man das titulares das casas-niño para continuar implantando medidas que permitan seguir prestando ás familias un servizo de calidade, e que ao mesmo tempo permitan contrarrestar decisións adoptadas polo Goberno central -como a suba de cotizacións, o aumento de impostos ou a xa mencionado recorte nas bonificacións á substitucións por maternidade- que tamén afectan ás titulares das casas-niño".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:11:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:11:19
Nº Rexistro: 46061
Data envío: 16/01/2026 12:11:19.038

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 25037**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados e deputadas do mesmo grupo, sobre **"a actualización do marco legal do turismo en Galicia e a estratexia e planificación turística que desenvolve o Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A actual Lei de turismo entrelaza múltiples facetas, e fai especial fincapé en obxectivos como a desestacionalización, diversificación e internacionalización, potenciando o turismo rural, deportivo, de natureza, cultural-patrimonial-histórico, enogastronómico, ou termal, todas elas contempladas nas competencias que a actual Lei inclúe.

A aplicación desta lei contribuíu a fortalecer a imaxe de Galicia como destino turístico de calidade, fomentando o crecemento sostido do turismo rural, cultural e sostible. Ademais, impulsou o desenvolvemento de infraestruturas e aumentou a satisfacción dos visitantes, consolidando a comunidade como referencia en turismo sustentable en España.

Desde a Xunta de Galicia, elaboráronse e executáronse plans e medidas neste sentido, tamén recollidas e amparadas pola normativa actual, tales como: Estratexia de Turismo de Galicia 2030, o Plan de Turismo Termal 2025-2028, Observatorio de sostibilidade turística en Galicia, Plan Director do Camiño de Santiago 2022-2027, o Plan Calidade e Sostibilidade turística, ou as liñas de axuda para a mellora de infraestruturas turísticas en concellos de menos de 10.000 habitantes.

Co obxectivo da posta en valor das nosas singularidades, á hora de propor os proxectos para executar con fondos europeos MRR centrados na sostibilidade do destino, optamos por: Plan do Litoral, Plan enogastronómico, e Plan de Cascos Históricos e Vilas termais, e por suposto outra das nosas singularidades como é a hospitalidade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:34:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:34:25
Nº Rexistro: 47468
Data envío: 22/01/2026 16:34:25.795

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 26136**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Borja Vereza Fraiz e outros/as deputados e deputadas, sobre **"as liñas que inclúe o Plan director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027 para a consecución do seu desenvolvemento sostible"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027 é unha ferramenta de xestión e unha folla de ruta que marca as directrices para a conservación do Camiño de Santiago atendendo a todas as súas vertentes e a todos os axentes implicados.

O Plan Director dos Camiños de Santiago 2022-2027 marca o traballo nas rutas xacobeas ata o vindeiro Ano Santo, impulsando a conservación e mellora das diferentes rutas e de promover o Camiño de Santiago.

No espírito de ampliar os obxectivos do Plan Director 2015-2021, así como os esforzos e obxectivos fixados neste plan, estrutúrase arredor de 7 retos globais, 17 liñas de actuación e 98 accións dirixidas a protexer e preservar o Camiño de Santiago en territorio galego.

Inclúe preto dun centenar de medidas centradas en sete retos específicos:

- A dixitalización e a sustentabilidade.
- A promoción dos itinerarios e a súa conexión internacional.
- Novas fórmulas para mellorar a experiencia dos peregrinos.
- Mellora da gobernanza.
- Mellorar os servizos do Camiño (igualdade, inclusión, etc...).
- A aposta polos produtos locais e a implicación da veciñanza
- A potenciación de todos os roteiros de peregrinación recoñecidos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:34:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:34:18
Nº Rexistro: 47467
Data envío: 22/01/2026 16:34:18.605

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 27222**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a postura da Xunta de Galicia e as súas previsións verbo da promoción dos produtos de calidade e de proximidade no «menú do peregrino» dos albergues do Camiño de Santiago"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Na Rede de Albergues Públicos da Xunta de Galicia non se ofrecen servizos de comida, o obxectivo desta medida é fomentar o consumo nos establecementos da contorna local e contribuír á dinamización socioeconómica dos concellos polos que pasan os Camiños de Santiago.

Neste marco, é prioritario concienciar aos albergues privados e ao conxunto do sector turístico sobre a importancia dunha cultura alimentaria saudable, sustentable e vinculada á proximidade. Para iso, o proxecto ULTREIA SUDOE prevé a implicación da chamada cuádruple hélice de innovación social, que integra á administración pública, centros de coñecemento, empresas e sociedade civil, entre eles administracións locais e rexionais, asociacións de peregrinos, empresarios turísticos, produtores e cidadanía.

Este proxecto piloto conta cun orzamento total de 1.407.300 €, un período de execución comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2026, e abrangue cinco territorios: Potes (Cantabria), Belorado (Burgos), Eauze (Francia), O Cebreiro (Lugo) e Vila Pouca de Aguiar (Portugal).

O proxecto estrutúrase en tres partes interconectadas:

Os HUBS, que actúan como espazos de gobernanza local, **as Paradas no Camiño**, que son puntos físicos de encontro, descanso e información, e que permiten a valorización do patrimonio cultural, agroalimentario e artesanal, **e a dixitalización**, mediante sistemas de medición de fluxos de persoas e outras ferramentas tecnolóxicas, que achegan datos para a planificación, a toma de decisións e o coñecemento da experiencia dos peregrinos.

No caso de Galicia, o proxecto piloto desenvolverase entre Pedrafita do Cebreiro e Sarria, afectando directamente aos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos e Sarria. Alí poranse en marcha dúas iniciativas concretas: unha Parada no Camiño en O Cebreiro e un HUB en Samos."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:34:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:34:06
Nº Rexistro: 47465
Data envío: 22/01/2026 16:34:06.471

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30068**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o impacto en Galicia do novo contexto da política arancelaria internacional, o acordo da Comisión Europea con Estados Unidos e as medidas de apoio á economía galega previstas pola Xunta de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego segue con atención a evolución do contexto internacional, entre o que figuran as decisións en materia de política comercial adoptadas polos Estados Unidos e das negociacións levadas a cabo no ámbito da Unión Europea.

Desde unha análise rigorosa dos datos, cómpre situar este novo contexto nun marco de realismo. Aínda que os Estados Unidos constitúen un mercado relevante para algunhas empresas galegas, non representan o principal destino das exportacións da Comunidade, que se orientan, maioritariamente, cara á Unión Europea. De feito, as exportacións galegas ao mercado estadounidense supoñen arredor do 2,5% do total, cunha evolución que, mesmo neste 2025, amosa capacidade de resistencia e adaptación por parte das empresas.

Neste escenario, a Xunta de Galicia considera sempre necesario actuar con anticipación, evitando enfoques alarmistas, pero sen minusvalorar o impacto que estas medidas poden ter en empresas ou sectores con maior exposición a este mercado. Por iso, desde o primeiro momento, púxose en marcha unha resposta coordinada e proactiva, en diálogo permanente co tecido produtivo e en coordinación coas actuacións impulsadas no ámbito estatal e europeo.

En canto ao acordo alcanzado pola Comisión Europea cos Estados Unidos, o Goberno galego valora positivamente calquera avance que contribúa a reducir a incerteza, achegar estabilidade ao comercio internacional e evitar unha escalada arancelaria máis prexudicial para as economías exportadoras.

No ámbito das competencias autonómicas, a Xunta activou un plan de apoio específico ás empresas galegas afectadas pola nova política arancelaria, un plan de resposta coordinado co do Goberno de España e incluído no Plan ICEX de Alto Impacto en Competitividade, estruturado en grandes eixes: financiamento, e asesoramento e acompañamento á internacionalización.

En primeiro lugar, o Igape puxo en marcha unha nova liña de préstamos directos para financiar capital circulante, integrada na liña xeral de financiamento empresarial dotada con 50 millóns de euros. Esta modalidade permite operacións de

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





ata 1 millón de euros por empresa, con prazos de ata 12 anos e períodos de carencia de ata catro anos, co obxectivo de ofrecer marxe financeira ás compañías máis expostas ao mercado estadounidense e facilitar a súa adaptación e diversificación cara a novos destinos comerciais. Estímase que o volume de préstamos asociados a esta medida poida acadar arredor de 10 millóns de euros ao longo de 2025.

En paralelo, a Xunta intensificou o diálogo directo cos sectores económicos, celebrando encontros específicos cos principais clústeres e organizacións representativas dos ámbitos potencialmente máis afectados, como o agroalimentario, o naval, o metalmecánico, os materiais de construción, a biotecnoloxía, as TIC ou a industria en sentido amplo. Estes encontros permitiron realizar un seguimento detallado da situación, identificar necesidades concretas e deseñar respostas adaptadas á realidade de cada sector.

Así mesmo, púxose en funcionamento unha oficina de asesoramento técnico específica, dependente da Oficina Económica de Galicia e en coordinación directa coa Antena do Igape en Miami, que ofrece atención personalizada, seguimento continuo e apoio operativo ás empresas galegas afectadas por este novo contexto internacional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:06:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:06:57
Nº Rexistro: 45967
Data envío: 16/01/2026 11:06:57.602

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30226**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e outros/as deputados e deputadas do mesmo grupo, sobre "**a postura da Xunta de Galicia respecto da demanda da construción dun acceso sur ao porto da Guarda**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia ten contemplado na súa planificación de investimentos a colaboración nas obras do acceso sur ao porto da Guarda que se executarán a través dun convenio de colaboración co Concello da Guarda.

O ente público ten previsto un investimento plurianual de 450.000 euros para esta actuación.

A anualidade asignada para o 2026 correspóndese ao orzamento previsto para estudos previos pendentes da sinatura do convenio co Concello para avanzar no proxecto de cara á súa licitación e execución."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:47:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:47:53
Nº Rexistro: 47481
Data envío: 22/01/2026 16:47:53.973

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30654**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego respecto das políticas eólicas en Galicia, a situación na que se encontra a ampliación da Rede Natura galega e sobre a posición da Xunta en relación a certas medidas e decisións do Goberno de España nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Resulta curioso como, ante o resultado da cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, agora é unha defensa do realizado polo Goberno central, cando desde un primeiro momento foi a Xunta de Galicia a que defendeu a correcta tramitación procedimental dos expedientes relativos aos parques eólicos, incluíndo o sometemento a información pública.

En calquera caso, a Xunta de Galicia está a tramitar un novo Plan Sectorial Eólico que nace co fin de:

- Dotar de seguridade xurídica adicional aos desenvolvementos enerxéticos.
- Adaptar a realidade de tramitación ás últimas modificacións lexislativas provenientes de Europa (por exemplo, a nova directiva europea establece a necesidade de indicar zonas de despregamento de renovables).
- Establecer a necesidade de aliñar a zonificacións das áreas de desenvolvemento enerxético coas áreas de desenvolvemento industrial, en relación coas zonas de protección ambiental e o desenvolvemento urbanístico.
- E eliminar do plan, en relación coa parte eólica, determinadas zonas onde non existe recurso eólico, de tal xeito que a superficie do novo plan sexa incluso menor á do actual Plan Sectorial Eólico de Galicia.

O Plan Sectorial Eólico (PSEG) articularase en base ao recurso eólico, ás posibilidades de evacuar enerxía e tendo en conta as necesidades próximas de consumo. Non obstante, un maior desenvolvemento enerxético, tal e como está articulado o plan da Xunta de Galicia grazas á Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e ao previsto no PSEG, permitirá que a cidadanía desfrute de prezos enerxéticos máis baixos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asemade, a tramitación dun plan sectorial xa prevé procesos de información pública. Pero é que ademais, está prevista:

- A creación dunha mesa de traballo co sector eólico, para ir avanzando naquilo no que se debe contar co sector para o seu contido. Sería coas asociacións e os promotores, que, a través das asociacións, queiran pedir participar.
- A creación dun Grupo de traballo no seo do Diálogo Social, adscrito á Mesa de Economía e Industria.

En calquera caso, a tramitación do plan realizarase coa máxima rigorosidade e garantías xurídicas.

Fronte a un instrumento de ordenación territorial, a realidade é que se considera que non se debe facer uso do documento de zonificación ambiental aprobado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD) con valores índices de sensibilidade ambiental por territorios.

No resumo executivo do propio documento o MITERD di o seguinte: *"Este modelo no exixe del pertinente procedimiento de evaluación ambiental al que deberá someterse cada instalación en su caso, siendo una aproximación metodológica orientativa que pretende servir de instrumento para que, desde un enfoque estratégico y a una escala general e integradora, se conozcan desde fases tempranas los condicionantes ambientales asociados a las ubicaciones de los proyectos. Asimismo, esta herramienta siempre se deberá complementar con las regulaciones establecidas en aquellos instrumentos de planificación y ordenación aprobados por las Comunidades Autónomas en el ámbito de sus competencias"*.

Polo tanto, como aproximación orientativa non debería ter máis valor que un plan sectorial realizado dun xeito que cumpra estritamente a normativa e que contará con avaliación ambiental estratéxica.

Por último, cómpre sinalar que os instrumentos que apoién unha axilización na implantación e desenvolvemento dos proxectos enerxéticos desde unha óptica de sostibilidade serán ben valorados pola administración autonómica.

Non obstante, non se pode obviar que a valoración política dunha non convalidación dun Real Decreto-lei non se debe facer en base a unha serie de cuestións unicamente, senón en base a diversos aspectos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfn. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:49:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46693
Data envío: 19/01/2026 21:49:26.458

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30988**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"os datos e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da planificación eólica en Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, é necesario indicar que a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos (Anexo VI. Parte B. Conceptos técnicos, apartado n) como o *"Mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os límites establecidos no anexo I"* (proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria). O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Ademais, a Lei 21/2013 obriga, no seu artigo 35, a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, un suposto "troceamento" dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

Ademais, en relación ao emprego de infraestruturas por parte de varios parques cómpre sinalar que a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación avalíase favorablemente polos organismos ambientais polas menores afeccións que supoñen para a paisaxe e o medio natural en xeral.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





E esta mesma postura foi referendada polo Tribunal Supremo na Sentenza 316/2025 onde reitera a doutrina sobre o trámite de información pública e precisa que se varios parques comparten infraestruturas de evacuación iso non determina, por si só, a existencia dun único proxecto a efectos ambientais, como viña sostendo o TSX de Galicia.

En canto ás restantes preguntas, é preciso indicar que as tramitacións dos parques eólicos foron garantistas, respectando escrupulosamente a normativa. De feito, non hai ningunha autorización que fose anulada con carácter firme, senón todo o contrario: ata o momento, todos os pronunciamentos do Tribunal Supremo foron para dar a razón á tramitación da Xunta de Galicia, polo que se considera que esas tramitacións xa cumpren con todas as proteccións e condicións ambientais.

En calquera caso, a Xunta de Galicia está a tramitar un novo Plan Sectorial Eólico que nace co fin de:

- Dotar de seguridade xurídica adicional aos desenvolvementos enerxéticos.
- Adaptar a realidade de tramitación ás últimas modificacións legislativas provenientes de Europa (por exemplo, a nova directiva europea establece a necesidade de indicar zonas de despregamento de renovables).
- Establecer a necesidade de aliar a zonificacións das áreas de desenvolvemento enerxético coas áreas de desenvolvemento industrial, en relación coas zonas de protección ambiental e o desenvolvemento urbanístico.
- E eliminar do plan, en relación coa parte eólica, determinadas zonas onde non existe recurso eólico, de tal xeito que a superficie do novo plan sexa incluso menor á do actual Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Porén, cómpre sinalar que a previsión de aprobar as zonas de aceleración renovable foi obxecto de recurso ante o Tribunal Constitucional por parte do Goberno central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:15:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46583
Data envío: 19/01/2026 15:15:01.911

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 32231**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Oficina Económica de Galicia desenvolve a súa actividade fundamentalmente con medios propios e cun equipo especializado de persoal público que asume as funcións esenciais de atención ás empresas, análise de proxectos, coordinación administrativa e acompañamento institucional.

De maneira puntual e complementaria, recórrase a colaboracións externas de carácter técnico e especializado, sempre baixo a coordinación do IGAPE, co obxectivo de reforzar capacidades en ámbitos moi específicos cando a natureza dos proxectos ou a demanda do tecido empresarial así o require. En ningún caso estas colaboracións supoñen a externalización de funcións estratéxicas nin decisorias, nin a substitución do persoal propio da Administración autonómica.

Cómpre subliñar que a posta en marcha da Oficina Económica de Galicia supuxo un cambio profundo na relación entre a Administración e o tecido produtivo, configurándose como unha xanela única de atención centralizada, orientada a simplificar procedementos, reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento real e continuado ás empresas.

Desde o seu inicio, a Oficina consolidouse como un punto de referencia para empresas, persoas traballadoras autónomas e investidores, cun modelo baseado na proximidade, na axilidade e na coordinación entre departamentos e organismos públicos.

Este novo enfoque permite non só informar, senón acompañar os proxectos desde a súa concepción ata a súa materialización final.

Os resultados avalan este modelo. Desde a súa posta en marcha, a Oficina Económica atendeu xa máis de 33.000 consultas, mantivo arredor de 1.600 reunións de asesoramento empresarial e acompañou centos de proxectos de especial relevancia, cunha elevada taxa de resolución inmediata das consultas e cun nivel de satisfacción moi alto por parte das empresas usuarias.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A través deste traballo, a Oficina converteuse nun instrumento clave para apoiar a competitividade do tecido empresarial galego, facilitar o acceso ao financiamento, impulsar a internacionalización e favorecer a atracción de investimentos, en coordinación co conxunto da política económica da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:09:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46294
Data envío: 16/01/2026 22:09:03,998

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 32481**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"o impacto do recorte do FEMPA e as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir os fondos pesqueiros e a súa xestión desde Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35675.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjJhZGJmNWItMWRkMy00YjFLLWl0NGEtOGM5MGY4NmJkMTRi&start=10299.547>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:08:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46291
Data envío: 16/01/2026 22:08:45.627

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33466**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a escisión e extinción da sociedade Formas Inoxman, localizada en Carral, e a viabilidade do proxecto das dúas empresas ás que dá lugar e que se aglutinan no denominado grupo Mantiñán Lestayo S. L."**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Economía e Industria, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, está a tramitar a solicitude de declaración como proxecto industrial estratéxico presentada o 30 de xuño de 2025 pola empresa Mantiñán Lestayo S.L., ao abeiro do establecido no artigo 78 bis do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro. A empresa Mantiñán Lestayo S.L. identifícase como único promotor deste proxecto.

O artigo 78 bis sinala que poderán ser declarados como proxectos industriais estratéxicos aqueles proxectos industriais para os cales se estime de forma xustificada que teñen un interese e unha incidencia cualificada para o desenvolvemento ou execución da política e o tecido industriais galegos, e que pola súa magnitude ou características teñen unha incidencia territorial, económica e social que transcenda o ámbito municipal, de tal forma que se consideren portadoras dun interese supramunicipal cualificado e que cumpran os seguintes requisitos mínimos:

- a) Que supoñan unha creación de emprego mínima de 25 postos de traballo, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa. Para estes efectos, computaranse tamén os empregos indirectos xerados nas actividades auxiliares ao proxecto industrial, sempre que na solicitude prevista no artigo 79 quede debidamente xustificada a súa futura creación.
- b) Que supoñan un investimento no proxecto industrial superior a 2 millóns de euros, en activos fixos, excluídos os terreos, de acordo co proxecto presentado na solicitude.
- c) Que se acredite a titularidade do solo onde se vai implantar o proxecto ou o acordo coas persoas titulares deste, agás que o proxecto se vaia implantar en solo empresarial promovido por entidades do sector público autonómico que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Con respecto ao solo no que se implantan os proxectos industriais estratéxicos, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial permite tanto que sexa titularidade da empresa promotora como que exista un acordo coas persoas titulares dos terreos.

En calquera caso, durante a tramitación da solicitude de declaración como proxecto industrial estratéxico, procedemento aínda non finalizado, a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético comprobará o cumprimento de todos os requisitos para ser primeiramente declarado e logo aprobado como proxecto industrial estratéxico (PIE).

Respecto ás competencias municipais, entre os efectos da declaración como PIE o artigo 79.4 do devandito Texto Refundido sinala:

[...] c) A declaración de interese autonómico e a declaración de prevalencia sobre o planeamento urbanístico vixente.

d) A non suxeición aos títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal. [...]

No mesmo sentido se sinala no artigo 81.2 que establece que:

[...]2. As determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.[...]

Asemade o artigo 87 sinala que:

Artigo 87. Participación municipal nos proxectos industriais estratéxicos.

1. O carácter prevalente sobre o planeamento urbanístico que implica a declaración dun proxecto como proxecto industrial estratéxico producirase mesmo no caso de que sexa preceptivo o informe urbanístico do concello ou concellos afectados, de acordo co establecido na normativa de prevención e control integrados da contaminación.

2. Aprobado, se é o caso, o proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta, a persoa titular da consellaría competente en materia de industria dará traslado do seu contido ao concello ou concellos afectados, para o exercicio das competencias que procedan.

Por último, respecto á valoración do proxecto por parte da Xunta de Galicia cabe sinalar que, tal e como se indicou anteriormente, na actualidade atópase en fase de tramitación da declaración como proxecto industrial estratéxico. Durante esta fase, ademais dos preceptivos informes previstos no artigo 79 da norma de referencia (consellería competente en materia de ordenación do territorio e concello no que se pretenda desenvolver o proxecto) solicitáronse os informes que permitan tanto xulgar o carácter estratéxico do proxecto, tendo en conta as posibles afeccións derivadas do mesmo, como garantir a viabilidade económico-financeira do mesmo”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:02:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:02:24
Nº Rexistro: 47555
Data envío: 22/01/2026 18:02:24.458

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"as necesidades do CEIP Vicente Otero Valcárcel, de Carral, referidas á súa dotación, para o curso 2025-2026, de profesorado especialista en alumnado con necesidades especiais e á distribución dos grupos de educación primaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 35498 no Pleno do Parlamento, o 17 de decembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBhNWRmNDU0MTI0OS00M2NkLTlhYTctZjYzODEwZGU0ZmI5&start=5947.816>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:02:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 18:02:17
Nº Rexistro: 47554
Data envío: 22/01/2026 18:02:17.407

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33679**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"as xestións da Xunta de Galicia e o estado das súas negociacións co Goberno central respecto das axudas correspondentes á parada da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo debida ás obras de dragaxe"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 8 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 33677, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMxNDQ2ODUtMDE4OS00NmE0LTg5YTYtODU0NGFlNWUwOGE0&start=5772.084>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as xestións da Xunta de Galicia e o estado das súas negociacións co Goberno central respecto das axudas correspondentes á parada da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo debida ás obras de dragaxe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 21:50:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46262
Data envío: 16/01/2026 21:50:34.232

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33694**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados do mesmo grupo, sobre **"a situación das redes de distribución eléctrica en Galicia, a incidencia que pode supor o seu estado no proceso de transición enerxética e os plans e actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente coñecedora da situación actual da rede eléctrica na nosa Comunidade. De feito, con anterioridade ao 9 de setembro, data na que se fixeron públicas as capacidades na rede de distribución, a Xunta de Galicia xa estaba a demandar a importancia dun reforzo na rede ante os problemas de conexión que estaban atopando unha gran parte dos proxectos industriais previstos na nosa zona.

Esta situación ten, en parte, a súa orixe na vixente planificación da rede de transporte para o período 2021-2026, que discriminou de xeito significativo a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento (incrementado a un 2,5% posteriormente coas modificacións aprobadas en abril de 2024) en redes na nosa comunidade, fronte ao 6,7% no período anterior, a nova proposta para o horizonte 2030 de planificación amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria, acadando a nosa comunidade como máximo un investimento do 2,8% do investimento total previsto na planificación.

Como xa se comentou, desde o pasado setembro coñécese a capacidade na rede de distribución, pero tamén é certo que aínda non se coñece a capacidade na rede de transporte.

De feito, se se consulta a páxina de Red Eléctrica, pódese apreciar como as capacidades que aparecen dispoñibles son as de evacuación de enerxía (é dicir, para os parques xeradores, ben sexan eólicos, hidroeléctricos, de biomasa, etc.), pero non se coñecen as capacidades de consumo. Estas serán publicadas, en principio, no mes de febreiro de 2026, e aí seguramente apreciamos a conxestión que sofre tamén esta rede vertebral, e que está supondo un freo ao desenvolvemento enerxético e industrial de Galicia.

En calquera caso, a Xunta xa está a traballar nun mapa enerxético e industrial que permita coñecer dun xeito sinxelo e intuitivo as dispoñibilidades existentes nunha zona, pero xa avanzamos que considérase fundamental unha maior participación das Comunidades Autónomas no proceso de planificación da rede de transporte, dun xeito máis similar á participación que temos nos plans de investimento na rede de distribución, os cales infórmanse desde as comunidades autónomas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En relación coa calidade da subministración, cómpre indicar que moitas incidencias nas zonas rurais están relacionadas con temporais declarados como "forza maior" e estas interrupcións da subministración non poden ser imputables ás distribuidoras.

Os microcortes de subministración prodúcense por diversas causas e moitos destes microcortes teñen unha duración dun segundo. A xestión da mellora subministración durante eses microcortes debe levarse a cabo polas empresas distribuidoras que deberán ter en conta este aspecto á hora de mellorar a calidade do servizo.

É certo que a normativa establece que en zonas rurais o tempo de interrupción e número de interrupcións poden ser maiores, o que en certo modo obedece a que as infraestruturas nunha cidade e no rural disperso difiren. De feito, é lóxico que, se nunha zona urbana hai un fallo é máis rápido de solucionar porque a rede habitualmente é mallada e pódese alimentar desde outro sitio.

Non obstante, tendo en conta a situación actual e que os valores límite xa son antigos, consideramos que se poden reducir os limiares de TIEPI - tempo de interrupción equivalente da potencia instalada en media tensión ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$) - e NIEPI - número de interrupcións equivalente da potencia instalada en media tensión ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$), e que son os parámetros habituais que se utilizan para calcular a calidade da subministración.

Iso si, entendemos que esta cada vez menor diferenza entre zonas urbanas e rurais debe ser cada vez menor e realizarse gradualmente, de tal forma que os investimentos precisos poidan asumirse sen que acaben recaendo como un incremento na factura directo e apreciable para a cidadanía.

En calquera caso, cómpre indicar que a Xunta ten a disposición da cidadanía o procedemento IN635A para reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, de tal xeito que seguirá vixiando o cumprimento estrito da normativa por parte das distribuidoras."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:11:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46573
Data envío: 19/01/2026 15:11:08,956

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33775**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as repercusións da posible ampliación das zonas vedadas á pesca de fondo no Atlántico nororiental por parte da Comisión Europea e as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para evitala e apoiar o sector"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35675.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjJhZGJmNWltMWRkMy00YjFLLWl0NGEtOGM5MGY4NmJkMTRib&start=10299.547](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjJhZGJmNWltMWRkMy00YjFLLWl0NGEtOGM5MGY4NmJkMTRib&start=10299.547)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 21:28:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46249
Data envío: 16/01/2026 21:28:26.665

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34685**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as razóns da redución de recursos humanos e incumprimentos no CEIP de Noia e no colexio da Barquiña"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 34684 no Pleno do Parlamento, o 22 de Outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGM5YzIxMzItODk4ZS00ZGNI LTg0M2QtNDcyNzJlMmVkNWly&start=5431.798>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:53:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:53:06
Nº Rexistro: 47544
Data envío: 22/01/2026 17:53:06.168

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34751**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para renovar a cuberta do pavillón escolar do CPI da Cañiza e garantir o seu uso educativo sen risco de filtracións de auga"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional leva a cabo obras de mellora nos centros educativos de toda Galicia no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que ten como obxectivo adaptar os espazos educativos ás novas realidades do ensino e garantir o confort do alumnado.

As actuacións execútanse en función das necesidades detectadas nos centros educativos, baixo criterios determinados por persoal técnico que avalía unha rede integrada por arredor de 1.600 edificios. Neste contexto, e no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a folla de ruta inclúe desde o ano 2021 un total de 2.992 actuacións, cun investimento do Goberno galego que ascende a 331,6 millóns de euros.

No caso de A Cañiza, desde o ano 2009 realizouse un investimento superior aos 2.190.000€ en centros públicos de distintas etapas educativas. Concretamente, no CPI da Cañiza executáronse recentemente varias obras, como a rehabilitación enerxética e o cambio de caldeiras de biomasa, entre outras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:50:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:39
Nº Rexistro: 47541
Data envío: 22/01/2026 17:50:39.254

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 34793**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de asegurar o mestrado en Matemáticas en Santiago desde o curso 2026-2027, se recoñecerá a súa singularidade e que opinión ten sobre o Decreto 222/2011"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral ás preguntas con número de rexistro 26602 e 26603 debatidas no Pleno do Parlamento de Galicia o 11 e xuño de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVkYzRhNzcy&start=14007.979>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:50:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:50:33
Nº Rexistro: 47540
Data envío: 22/01/2026 17:50:33.123

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35282**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"as posibles modificacións do plan do parque empresarial de Fragamoreira, no concello de Poio, e o significado de seu novo ámbito anunciado pola Xunta de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente, no sector empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En relación á área empresarial de Fragamoreira, en Poio, cómpre sinalar que, mediante acordo do Pleno do Concello, en sesión realizada o 26 de xuño de 2012, foi aprobado definitivamente un plan parcial en desenvolvemento das previsións do plan xeral de ordenación municipal para o solo urbanizable Nº 1 (SUZI-1) para desenvolver o parque empresarial de Fragamoreira. O devandito plan parcial foi sometido a avaliación ambiental e, mediante Resolución do 31 de agosto de 2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, foi aprobada a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do plan parcial. Non obstante, a ordenación prevista no plan parcial non chegou a executarse, polo que, a avaliación ambiental está caducada e, en consecuencia, requírese nova tramitación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra banda, o PSOAEG vixente inclúe o ámbito do parque empresarial de Fragamoreira, con código de actuación 36041011, declarando deste xeito a Xunta de Galicia o interese autonómico desta área empresarial e habilitando a posibilidade de desenvolvemento mediante ordenación territorial.

En desenvolvemento da previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia está promovendo o parque empresarial de Fragamoreira. Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O documento urbanístico de ordenación territorial encóntrase actualmente en tramitación. Con data 26 de maio de 2025 foi remitido, desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, o borrador do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE) xunto co seu documento ambiental estratéxico, para o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. O 4 de setembro de 2025, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico e fíxose público mediante o Anuncio do 5 de setembro de 2025, (DOG núm. 183, do 23 de setembro). Mediante a Resolución do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, acórdase aprobar inicialmente o PEOSE do parque empresarial de Fragamoreira, para os efectos establecidos na Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. O PEOSE foi sometido a información pública mediante Anuncio do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, (DOG Núm. 193 do 7 de outubro de 2025).

Respecto da ordenación proposta no PEOSE cómpre salientar que os cambios normativos dende o período no que se tramitou o antigo plan parcial polo Concello de Poio (2009-2012) e a actual tramitación na Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (2025) fan que esta ordenación estea adaptada á normativa e ás esixencias vixentes.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo, deste xeito, a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:48:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:48:14
Nº Rexistro: 47534
Data envío: 22/01/2026 17:48:14.078

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35323**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"a inviabilidade do proxecto industrial de Altri, a falta de infraestruturas eléctricas previstas, os prazos para a súa resolución administrativa denegatoria, o impacto ambiental e social do proxecto e os demais proxectos industriais recollidos na nova planificación estatal para Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é unha Administración que respecta os procedementos previstos na normativa vixente, e os aplica coas máximas garantías de obxectividade e transparencia na súa actuación administrativa. Dentro destes procedementos inclúese o procedemento de aprobación dos proxectos industriais estratéxicos, baixo o que se están a tramitar diversas iniciativas empresariais ás que se lles recoñece que, polas súas características, de implantarse, terían un elevado impacto económico e de creación de emprego na economía galega. Non obstante, este recoñecemento non implica ningunha rebaixa nos requirimentos ambientais, técnicos ou de ningún outro tipo, que fixa a normativa vixente, e que se exigen a todos os proxectos industriais, sexan ou non declarados como estratéxicos.

Polo tanto, en todos os casos de proxectos industriais estratéxicos en tramitación, incluído o proxecto indicado na pregunta, a Xunta de Galicia desenvolve as súas competencias de forma obxectiva e garantindo o principio básico de responsabilidade pola xestión pública, sen outro obxectivo que aplicar a normativa vixente en todos os casos, tanto a aplicable no ámbito industrial, como ambiental, de saúde pública e, en xeral, e de protección dos valores patrimoniais e naturais.

E, neste contexto, os próximos pasos na tramitación do dito procedemento administrativo serán os que corresponda facer de forma obxectiva e transparente, e atendendo ás circunstancias e características concretas do proxecto. Cómpre lembrar que se trata dun procedemento regrado na normativa vixente, con trámites

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



perfectamente definidos, polo que os momentos nos que se van avanzando nos expedientes derivan de cuestións técnicas e non políticas.

Por outra parte, en relación á Planificación da Rede eléctrica 2025-2030, partindo dun escenario no que a vixente planificación da rede de transporte para o período 2021-2026 discriminou de xeito significativo a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento (incrementado a un 2,5% posteriormente coas modificacións aprobadas en abril de 2024) en redes na nosa Comunidade, fronte ao 6,7% no período anterior, a nova proposta para o horizonte 2030 de planificación amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria, acadando a nosa Comunidade como máximo un investimento do 2,8% do total previsto na planificación.

Esta discriminación dáse tanto tendo en conta o volume de investimento como en canto ao destino deste, da seguinte maneira:

1. En relación co volume de investimento:

Para calcular un investimento equitativo na nosa Comunidade deberíase, cando menos, igualar este 6,7% do período 2015-2020, tendo en conta os seguintes factores:

- Segundo datos de Rede Eléctrica Galicia aportou, no ano 2024, o 8,8% da xeración enerxética a nivel nacional, destacando en incrementos na súa produción renovable. Especialmente, Galicia foi a comunidade autónoma con maior xeración eléctrica a partir da forza da auga (10.131 GWh), o 29% de toda a produción hidráulica nacional.
- Se a este contexto sumámoslle a necesidade de dar resposta ás demandas dos proxectos industriais (moitos deles cualificados como estratéxicos pola Xunta de Galicia) e á capacidade de evacuación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, incluídos os almacenamentos e a eólica mariña, incrementar o investimento na nova planificación é esencial para a nosa Comunidade Autónoma.

2. En relación co destino do investimento en Galicia:

Unha gran parte das actuacións recollidas nesta proposta para Galicia van dirixidas ao reforzo da seguridade e estabilidade do sistema e apoio ás redes de distribución.

Segundo datos facilitados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), as actuacións recollidas na Planificación en Galicia

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



permitirán que afloren 1.899 MW novos de capacidade de demanda. Con todo, as demandas da Comunidade eran superiores aos 8.000 MW.

Entendemos que nos 1.899 MW inclúese tamén a capacidade xerada polos investimentos xa planificados previamente (e definidos no documento como rede de partida) e que serán postos en marcha neste período, polo que a capacidade real da nova planificación poderíase reducir a máis da metade. Ademais, cómpre destacar que a capacidade da rede de transporte non se publica, polo que se descoñece a capacidade dispoñible neste momento.

Tendo en conta o anterior, e aínda que se valora moi positivamente a principal actuación na planificación en Galicia, unha nova subestación (Ardora) de 400 kV e de 220 kV na zona da Coruña, non se clarifica se con estas futuras actuacións se poderán atender a todas as demandas industriais, e ademais o borrador ignora propostas relevantes para o desenvolvemento industrial e enerxético da Comunidade:

- A zona central e oeste da provincia de Lugo segue sen dispoñer de ningunha subestación de transporte que permita dar solución ás necesidades enerxéticas de calquera proxecto cun consumo relativamente elevado na zona, o que condena o futuro industrial desta provincia.
- Isto tamén afecta a zona de Curtis-Teixeiro, zona con solo empresarial e gran interese en desenvolver proxectos de hidróxeno verde ou centros de datos (cun elevado consumo enerxético), pero que, ao estar en antena, ten dificultades para atopar unha solución técnica. Esta solución podería pasar precisamente por unha nova subestación na zona de Lugo que permitise o mallado da rede.
- Resulta necesario dar resposta aos proxectos de bombeo reversible previstos en Galicia.
- E tamén resulta preciso dar resposta aos numerosos proxectos industriais en marcha en Galicia, moitos deles declarados estratéxicos pola Xunta de Galicia, pero que as súas necesidades enerxéticas non se ven atendidas nesta planificación.

Polo exposto, a Xunta de Galicia realizou alegacións, o pasado 16 de decembro, á proposta da planificación. A Xunta sempre apoiará o desenvolvemento das infraestruturas enerxéticas que permitan o desenvolvemento industrial e baixo unha

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



óptica de sustentabilidade, pero polo exposto, a proposta de planificación é insuficiente.

Dentro das diferentes propostas que a Xunta de Galicia veu realizando nos últimos anos ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), non só para a Planificación 2025-2030, senón tamén 2021-2026, inclúense importantes proxectos que requiren a mellora urxente de infraestruturas para poder implantarse en Galicia, e que poden supoñer un importante incremento na actividade industrial de Galicia e na xeración de emprego. Entre eles atópanse, entre outros, proxectos industriais relacionados co hidróxeno verde ou os seus derivados, unha planta de grafito para baterías, unha microacería, ou centrais de bombeo reversibles.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:22:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45894
Data envío: 15/01/2026 22:22:44.736

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35329**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"a resolución denegatoria que o Goberno galego debe ditar ao proxecto industrial de Altri pola súa inviabilidade na planificación de infraestruturas eléctricas 2025-2030"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

Partindo dun escenario no que a vixente planificación da rede de transporte para o período 2021-2026 discriminou de xeito significativo a Galicia, ao prever menos dun 1% de investimento (incrementado a un 2,5% posteriormente coas modificacións aprobadas en abril de 2024) en redes na nosa Comunidade, fronte ao 6,7% no período anterior, a nova proposta para o horizonte 2030 de planificación amosa unha continuidade nesta liña discriminatoria, acadando a nosa Comunidade como máximo un investimento do 2,8% do total previsto na planificación.

Esta discriminación dáse tanto tendo en conta o volume de investimento como en canto ao destino deste, da seguinte maneira:

1. En relación co volume de investimento:

Para calcular un investimento equitativo na nosa Comunidade deberíaase, cando menos, igualar este 6,7% do período 2015-2020, tendo en conta os seguintes factores:

- Segundo datos de Rede Eléctrica Galicia aportou, no ano 2024, o 8,8% da xeración enerxética a nivel nacional, destacando en incrementos na súa produción renovable. Especialmente, Galicia foi a comunidade autónoma con maior xeración eléctrica a partir da forza da auga (10.131 GWh), o 29% de toda a produción hidráulica nacional.
- Se a este contexto sumámoslle a necesidade de dar resposta ás demandas dos proxectos industriais (moitos deles cualificados como estratéxicos pola Xunta de Galicia) e á capacidade de evacuación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, incluídos os almacenamentos e a eólica mariña, incrementar o investimento na nova planificación é esencial para a nosa Comunidade Autónoma.

2. En relación co destino do investimento en Galicia:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Unha gran parte das actuacións recollidas nesta proposta para Galicia van dirixidas ao reforzo da seguridade e estabilidade do sistema e apoio ás redes de distribución. Segundo datos facilitados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), as actuacións recollidas na Planificación en Galicia permitirán que afloren 1.899 MW novos de capacidade de demanda. Con todo, as demandas da Comunidade eran superiores aos 8.000 MW.

Entendemos que nos 1.899 MW inclúese tamén a capacidade xerada polos investimentos xa planificados previamente (e definidos no documento como rede de partida) e que serán postos en marcha neste período, polo que a capacidade real da nova planificación poderíase reducir a máis da metade. Ademais, cómpre destacar que a capacidade da rede de transporte non se publica, polo que se descoñece a capacidade dispoñible neste momento.

Tendo en conta o anterior, e aínda que se valora moi positivamente a principal actuación na planificación en Galicia, unha nova subestación (Ardora) de 400 kV e de 220 kV na zona da Coruña, non se clarifica se con estas futuras actuacións se poderán atender a todas as demandas industriais, e ademais o borrador ignora propostas relevantes para o desenvolvemento industrial e enerxético da Comunidade:

- A zona central e oeste da provincia de Lugo segue sen dispoñer de ningunha subestación de transporte que permita dar solución ás necesidades enerxéticas de calquera proxecto cun consumo relativamente elevado na zona, o que condena o futuro industrial desta provincia.
- Isto tamén afecta a zona de Curtis-Teixeiro, zona con solo empresarial e gran interese en desenvolver proxectos de hidróxeno verde ou centros de datos (cun elevado consumo enerxético), pero que, ao estar en antena, ten dificultades para atopar unha solución técnica. Esta solución podería pasar precisamente por unha nova subestación na zona de Lugo que permitise o mallado da rede.
- Resulta necesario dar resposta aos proxectos de bombeo reversible previstos en Galicia.
- E tamén resulta preciso dar resposta aos numerosos proxectos industriais en marcha en Galicia, moitos deles declarados estratéxicos pola Xunta de Galicia, pero que as súas necesidades enerxéticas non se ven atendidas nesta planificación.

Polo exposto, a Xunta de Galicia realizou alegacións, o pasado 16 de decembro, á proposta da planificación. A Xunta sempre apoiará o desenvolvemento das infraestruturas enerxéticas que permitan o desenvolvemento industrial e baixo unha

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



óptica de sustentabilidade, pero polo exposto, a proposta de planificación é insuficiente.

En relación ao procedemento de aprobación do proxecto ao que se fai referencia na pregunta, a Xunta de Galicia é unha Administración que respecta os procedementos previstos na normativa vixente, e os aplica coas máximas garantías de obxectividade e transparencia na súa actuación administrativa. Dentro destes procedementos inclúese o procedemento de aprobación dos proxectos industriais estratéxicos, baixo o que se están a tramitar diversas iniciativas empresariais ás que se lles recoñece que, polas súas características, de implantarse, terían un elevado impacto económico e de creación de emprego na economía galega. Non obstante, este recoñecemento non implica ningunha rebaixa nos requirimentos ambientais, técnicos ou de ningún outro tipo, que fixa a normativa vixente, e que se exigen a todos os proxectos industriais, sexan ou non declarados como estratéxicos.

Polo tanto, en todos os casos de proxectos industriais estratéxicos en tramitación, incluído o proxecto indicado na pregunta, a Xunta de Galicia desenvolve as súas competencias de forma obxectiva e garantindo o principio básico de responsabilidade pola xestión pública, sen outro obxectivo que aplicar a normativa vixente en todos os casos, tanto a aplicable no ámbito industrial, como ambiental, de saúde pública e, en xeral, e de protección dos valores patrimoniais e naturais. E, neste contexto, os próximos pasos na tramitación do dito procedemento administrativo serán os que corresponda facer de forma obxectiva e transparente, e atendendo ás circunstancias e características concretas do proxecto. Cómpre lembrar que se trata dun procedemento regrado na normativa vixente, con trámites perfectamente definidos, polo que os momentos nos que se van avanzando nos expedientes derivan de cuestións técnicas e non políticas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 22:22:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45893
Data envío: 15/01/2026 22:22:38,618

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35368**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Patricia Iglesias Rey, sobre "**a previsión da Xunta de Galicia de elaborar un informe acerca da situación e evolución da xestión dos albergues públicos, así como a avaliación das causas do descenso de usuarios e un plan para reverter dita tendencia**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Rede Pública de Albergues non busca obter un beneficio económico directo derivado da prestación deste servizo. De feito, ata o ano 2008 estes establecementos eran gratuítos.

Cómpre lembrar que esta é unha modalidade aloxativa singular, unha infraestrutura pública de hospitalidade xacobeá que amosa a capacidade de acollida e receptividade do pobo galego.

A Rede exerce como motor; revitaliza as rutas e actúa como un elemento tractor no territorio. Tamén, axuda á recuperación do patrimonio ao estaren ubicados en edificios singulares.

Responde a unha planificación axustada á distribución por camiños e cada albergue é froito dun estudio da capacidade aloxativa local. De feito, o modelo de xestión tanto cuantitativa como xeograficamente é exemplo para outras administracións e entidades internacionais.

Cabe lembrar que segundo o informe encargado pola Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela para analizar o impacto socioeconómico do Camiño de Santiago, cada peregrino supón o mesmo impacto económico que 2,3 turistas nacionais (diferenza na estadía media, gasto medio e multiplicador).

Este mesmo estudo indica que o Camiño percíbese como parte da solución, especialmente nos contornos rurais de Galicia, a problemas coma o despoboamento, o envellecemento e a falta de emprego e oportunidades".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:47:55
Nº Rexistro: 47531
Data envío: 22/01/2026 17:47:55.938

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:47:55

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35441**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, sobre **"o nivel da oferta de prazas públicas para o mestrado universitario en formación do profesorado e as valoracións que fai a Xunta de Galicia respecto da posibilidade de incrementalala"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asinou a finais do ano 2025 un convenio coa UNED para ampliar a oferta de prazas para cursar o Máster do Profesorado a través desta entidade en Galicia, o que eleva a preto de un milleiro o número total de prazas dispoñibles na Comunidade.

Así pois, a raíz desta colaboración, a UNED pon a disposición dos estudantes galegos un total de 250 prazas en liña, o que supón triplicar as 85 existentes ata o de agora. Estas 250 prazas súmanse ás 740 que ofertan as tres universidades públicas galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 21:10:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47155
Data envío: 21/01/2026 21:10:20.867

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35751**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"as causas da caída do Índice Xeral de Producción Industrial en Galicia, as medidas previstas para revertelas e o grao de execución dos fondos europeos e programas autonómicos de modernización e reindustrialización"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre salientar que non son correctos os datos consignados na pregunta formulada. Tal e como se pode comprobar na páxina web do INE, os datos definitivos (non provisionais) reflectiron no mes de agosto 2025 un incremento no IPI do Estado do 0,2%, e unha baixada en Galicia do 2,4%.

Con respecto á primeira pregunta, da análise dos datos do mes de agosto 2025, resulta que os compoñentes que afectan ao dito índice e que máis afectaron á baixada do mes de agosto 2025 foron os bens de consumo duradeiro, os bens de equipo e os bens intermedios. Non obstante, cómpre salientar que, da análise dos últimos datos dispoñibles (outubro 2025, datos provisionais), o mesmo índice reflectiu para os bens de consumo duradeiro un incremento do 20%, e os bens intermedios un incremento do 1,1%.

A evolución da economía ou a industria deben analizarse con datos económicos, pero de forma tendencial, sen cingirse a datos puntuais dun mes concreto. E, neste sentido, en conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro prometedor, sen prexuízo de que o sector industrial europeo teña importantes desafíos por superar.

Así, a pesar deste complexo contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VAB industrial e de creación de emprego, e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse neste novo contexto produtivo para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.

Neste sentido, estase conseguindo que o valor agregado bruto industrial aumente o seu peso estrutural e continúe a senda de evolución positiva dos últimos anos:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.


Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal




Gráfica: Evolución VAB Industrial. Serie 2009-2024



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. (Datos en miles de euros)

En canto ao emprego industrial, partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2024, a industria galega representa un 16% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que acada un 13,3%. En base a estes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España. No ano 2024, Galicia rexistrou unha media de 183.300 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 9% con respecto ao dato de 2023, e acadando a cifra máis alta de toda a serie histórica de datos proporcionada desde o IGE.



Utilizando o último dato dispoñible da EPA (3º trimestre do 2025), Galicia rexistra un total de 189.800 persoas ocupadas na industria. A segunda maior cifra de ocupación industrial nun 3º trimestre de toda a serie histórica de datos proporcionada desde o IGE, só superada pola cifra reflectida no 3º trimestre do 2024 (190.900 persoas ocupadas).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Deste xeito, os anos 2024 e 2025 están a marcar cifras récord de ocupación industrial en Galicia no terceiro trimestre de ano.

Neste contexto, Galicia supera ao Estado en porcentaxe de persoas ocupadas no sector industrial, un 16,1% fronte a unha porcentaxe media do 13,7% no resto de España.

Cómpre salientar o incremento interanual de poboación ocupada feminina no sector industrial galego, concretamente reflicte unha subida do 5%, un total de 2.800 mulleres máis ocupadas na industria galega que hai un ano. Esta evolución positiva permite acadar a cifra de 58.300 mulleres ocupadas en Galicia neste sector.

Por último, en canto ao grao de execución dos programas e fondos europeos, para a súa concreción cómpre referirse a marcos temporais, programas, fondos ou obxectivos determinados, que ademais varían ao longo dos períodos de planificación, dado o seu carácter plurianual. Así, por exemplo, os programas do Marco Financeiro 2021-2027 teñen como data de elixibilidade o 31 de decembro de 2029. A modo de referencia, na actualidade, o importe das operacións seleccionados nos Programas do marco financeiro 2021-2027 atópase ao redor do 60% dos recursos programados, tendo en conta que o período de elixibilidade finaliza o 31 de decembro de 2029. O importe adxudicado xa ascende ao 32,1% dos fondos asignados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:47:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:47:35
Nº Rexistro: 47527
Data envío: 22/01/2026 17:47:35.046

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35798**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para reducir os atrasos nas Unidades de Valoración Forense Integral, reforzar persoal especializado e mellorar a atención e protección ás vítimas de violencia de xénero en Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro que hai que destacar é que a memoria da Fiscalía Xeral do Estado incorre nun error moi grave, que é incluír como período de informe do Imelga, o tempo transcorrido desde a solicitude por parte da fiscalía de informe de valoración, de maneira que compute como tempo de retraso, cando o correcto é que o prazo empece a correr desde a entrada no Imelga da solicitude e toda a documentación adecuada e correspondente.

Das probas periciais, hai que destacar o incremento de solicitudes no ano 2024, respecto do ano anterior, que medraron hasta as 33.967 e emitíronse 27.188 informes.

O balance do ano 2024 é satisfactorio por canto resolvéronse un 81% das solicitudes recibidas, nun prazo razoable, tendo en conta que algunhas delas inadmitense e outras resólvense nun só informe. As que están pendentes é por incomparecencias nas entrevistas, porque falta por entregar documentación ou probas complementarias solicitadas ou aqueles lesionados que están pendentes de tratamento médico e polo tanto non se pode emitir un informe de sanidade.

En situación similar encóntrase os datos do ano 2025, a espera da realización da memoria deste ano.

Mención aparte merece a actividade no ámbito da violencia sobre a muller, que se centra en tres áreas co diferente abordaxe, a asistencia as vítimas de violencia sexual, a valoración da violencia física e a valoración integral da violencia de xénero.

Salientar tamén que a sala de autopsias da Cidade da Xustiza de Vigo, que se puxo en funcionamento recentemente, é a única do noso territorio situada nun edificio xudicial, e con niveis de bioseguridade III que permiten a protección tanto dos traballadores do Imelga como do resto de profesionais ao servizo da Administración de Xustiza.

Por último, indicar que en 23 partidos xudiciais xa dispoñen de salas específicas e habilitadas para a atención ás vítimas. Noutras 11 sedes xudiciais, non habendo espazos especificamente habilitados para as vítimas, si dispoñen de salas de agarda onde permanecer.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Salientar neste eido que os novos edificios xudiciais se deseñan cunha sala de atención para as vítimas e con circulación reservada para agresores-detidos. No caso de vítimas especialmente vulnerables e de menores, os xulgados da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo contan cunha Sala Gesell.

Coa entrada en vigor do real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, consolídase a vía telemática para a xeneralidade das actuacións procesuais nos órganos xurisdicionais. No ámbito penal, as vítimas de violencia de xénero, de violencia sexual, de trata de seres humanos, vítimas menores de idade ou con discapacidade, poderán intervir dende os lugares onde se atopen recibindo oficialmente asistencia, atención, asesoramento ou protección, ou dende calquera outro lugar, sempre que dispoñan dos medios suficientes para asegurar a súa identidade e as axeitadas condicións da intervención. É por iso que neste momento, a Xunta de Galicia está traballando para dotar a todas as vilas e concellos dos chamados "puntos de acceso seguros" e dos "lugares seguros", para favorecer esa intervención telemática.

A Xunta de Galicia, a través de AMTEGA, dotou ós órganos xudiciais de equipos de gravación e de videoconferencia, que permiten que as declaracións das vítimas de especial protección sexan gravadas para despois ser reproducidas durante o xuízo, evitando que teñan que acudir novamente á sede xudicial e pasar polo mesmo trámite. Actualmente todos os partidos xudiciais da nosa comunidade contan con este sistema de videoconferencia.

Por outra banda, para conseguir esa reparación e protección integral, unha ferramenta fundamental de asistencia e apoio ás vítimas configúranos as Oficinas de Asistencia ás Vítimas (OAV), que radican nos Servizos de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima, dependen dos Decanatos das sete cidades e o seu obxectivo é prestar asistencia social e psicolóxica ás vítimas e, no seu caso, derivalas e acompañalas ós servizos correspondentes. Nos seus informes tamén solicitan á autoridade xudicial a adopción das medidas de seguridade e protección oportunas e que correspondan co perfil da vítima tanto antes como durante o procedemento penal, e incluso na fase de seguimento.

Igualmente, debemos ter en conta e destacar a existencia en Galicia de diferentes protocolos, convenios e manuais que teñen por obxecto dar ás vítimas a asistencia coordinada, integral e especializada á que teñen dereito.

Tal e como se aprecia, con estes instrumentos coordínase a actuación xudicial coas Oficinas de Asistencia ás Vítimas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co Sergas e cos Consellos da Avogacía e Procuradoría galegos, todos sectores claves na asistencia e protección ás vítimas. Porque a protección das vítimas non se restrinxen á existencia de espazos específicos, senón que requiren a coordinación de todas as persoas que interveñen desde o principio ata o fin de procedemento, e esta coordinación soamente é posible coa existencia de estes instrumentos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Outro punto a ter en conta para garantir e reforzar a protección e o trato especializado que debe dispensarse ás vítimas deste tipo de delitos, é a formación continua. A este respecto todo o persoal ó servizo da Administración de Xustiza ten á súa disposición unha ampla gama de cursos de formación, garantindo a especialización e actualización na materia e o trato especializado que debe dispensarse ás vítimas deste tipo de delitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:10:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46570
Data envío: 19/01/2026 15:10:45.163

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 36031**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as competencias e medios da Xunta de Galicia na xestión do catastro inmobiliario, a súa capacidade para actualizar e manter datos precisos, o posible uso desta información noutras políticas públicas e a demanda dun maior autogoberno nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego aspira a ampliar o seu teito competencial, pero non de calquera xeito. É contraproducente asumir competencias se non están asegurados os fondos necesarios para mantelas, que garantan a prestación de servizos cuns estándares mínimos de calidade. En definitiva, o Goberno galego ten fixada unha orde de prioridades, que neste momento non inclúe a do catastro, e irá avanzando na solicitude de transferencias de xeito progresivo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:10:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46567
Data envío: 19/01/2026 15:10:19.715

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 36597**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"os criterios da Xunta de Galicia para conceder patrocinios publicitarios en eventos e festivais musicais, o orzamento destinado nos últimos cinco anos, a avaliación e transparencia destes investimentos e a participación galega nestas actividades subvencionadas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Presidencia da Xunta de Galicia** en colaboración coa **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos patrocinando actividades de eventos musicais e de ocio que, dentro da súa estratexia, enriquezan a oferta turística de distintos destinos galegos.

Son eventos musicais de carácter único cunha programación que inclúe espectáculos singulares e artistas de distinta proxección nacional e internacional, con gran capacidade de atracción de público. De xeito especial apóstase polos eventos que se realizan fóra de temporada e contribúen á desestacionalización turística, un dos eixes do modelo galego.

De feito, segundo o 'Observatorio de marcas en festivales 2023', editado por Mediabrands coa colaboración de Ticketmaster, a Xunta de Galicia sitúase á cabeza do ránking español dos acordos das institucións públicas cos festivais.

A asistencia aos eventos musicais impulsa unha demanda importantísima en servizos de aloxamento, transporte, comidas e bebidas, así como en compras de merchandising. Tan só fai falta comprobar a ocupación dos distintos concellos nos que se celebran estas citas, con cheo total nas cidades e contorna, para comprobar que xeran un importante consumo adicional e impacto económico no territorio.

Os contratos cumpren estritamente a normativa de contratación, sendo o patrocinio unha fórmula habitual en todas as administracións públicas para eventos únicos e unha das fórmulas que mellor retorno xera sobre o investimento realizado.

Este tipo de contrato regúlase na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009 de 30 de decembro e realízase polo procedemento negociado sen publicidade e os criterios céntranse na exclusividade dos dereitos de actuación que os promotores teñen nos concertos de determinados artistas en Galicia, que en moitos casos requiren de espazos con requisitos e necesidades e aforos específicos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:19:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:19:11
Nº Rexistro: 47514
Data envío: 22/01/2026 17:19:11.750

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 36725**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o déficit de mobilidade ferroviaria na comarca de Ferrol e as accións previstas pola Xunta de Galicia para mellorar liñas e servizos, incluíndo o Bypass de Betanzos, a modernización Ferrol-A Coruña e a transferencia de competencias"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"É de sobra coñecida a postura do Goberno galego sobre a situación do servizo do transporte ferroviario en Galicia, non só no que respecta á comarca de Ferrol senón en todo o territorio. Son moitas as demandas no que atinxe ás obras que están por executar como de servizos e que reiteradamente o executivo autonómico traslada ao central".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:01:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46560
Data envío: 19/01/2026 15:01:59.749

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37242**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a situación e previsións da Xunta de Galicia respecto das obras de dragaxe e mellora no porto de Miño, incluíndo o estado actual das infraestruturas, a acumulación de sedimentos e os prazos previstos para a súa intervención"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia iniciará proximamente as obras de dragaxe do porto de Miño, nas que investirá 415.000 euros. Estes traballos foron licitados o 8 de xullo de 2025 nun procedemento conxunto por importe de 1,3 millóns de euros que incluía tamén as dragaxes dos portos de Barallobre e Pontedeume, dadas as similares características das obras e proximidade, ademais de compartir o mesmo punto de vertido. Este contrato adjudicouse o 16 de decembro de 2025. O contrato formalizouse o 7 de xaneiro de 2026 e os traballos darán comezo o antes posible.

A súa execución permitirá mellorar a operatividade do porto e tamén reducir o impacto dos temporais sobre a frota que se ve agravado pola falta de calado baixo os amarres.

Para este fin dragarase o interior da dársena ata a cota -1 metro. A superficie de dragaxe é de 8.000 metros cadrados e o volume estimado é de 15.000 metros cúbicos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:10:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:10:14
Nº Rexistro: 47505
Data envío: 22/01/2026 17:10:14.817

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37339**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai a Xunta da superación dos límites de polución do aire fixados pola OMS, as medidas para evitar falecementos derivados e se prevé estudar os efectos dos incendios de 2025 na saúde e no medio ambiente"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (responsable a través da vixilancia, control e avaliación da calidade do aire en Galicia para protexer a saúde e o benestar da poboación) realiza un seguimento en tempo real das concentracións de contaminantes no aire ambiente.

Con tal fin, apóiase na Rede de calidade do aire de Galicia, que se compón de estacións tanto públicas como privadas repartidas por todo o territorio e divididas en función da principal fonte de emisión que captan (de tráfico, industriais ou de fondo) e da área na que están localizadas (urbana, suburbana ou rural).

Nestes momentos, está conformada por un total de 47 estacións, un número que se sitúa por riba da media nacional e asegura unha boa cobertura de todo o territorio galego desde o punto de vista do control da calidade do aire ambiente. De feito, mantense en constante mellora e actualización para optimizar o seu funcionamento, como demostra a incorporación en 2024 de dúas estacións industriais-rurais (as de Vilar, en Lugo, e a do Monte Xalo en Cerceda) ou a incorporación á rede pública da Xunta da localizada en A Cabana.

A información ofrecida por esta rede vese complementada con modelos propios da Xunta e co labor do Laboratorio de Medio Ambiente, o único centro autonómico deste tipo acreditado para facer análises de contaminantes do aire non maioritarios.

É preciso ter en conta, ademais, que o último informe anual elaborado por MeteoGalicia, correspondente a 2024, conclúe que Galicia mantivo unha boa calidade do aire en zonas urbanas, rurais e industriais e que ningunha das estacións que achegaron datos superou os valores límite para a protección da saúde humana, apuntando tamén a unha lixeira mellora nos resultados con respecto ao ano anterior.

De cara a 2030, coa entrada en vigor dos novos valores límite definidos na Directiva comunitaria sobre a calidade do aire ambiente, a Comunidade parte dunha boa posición aínda que haberá que diminuír os niveis dalgúns contaminantes e partículas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:16:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46536
Data envío: 19/01/2026 14:16:44.718

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 37637**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"o procedemento de protección á propiedade intelectual empregado pola CSAG nos proxectos presentados por produtores e xestores"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora xeral da CSAG na Comisión de Control do pasado 28 de de novembro de 2025.

A sentenza nº36/2024, do 18 de abril do 2024, do Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña foi favorable a TVG neste caso e non existe demanda ningunha en curso.

A Corporación ten procedementos exhaustivos para garantir a excelencia en materia de propiedade intelectual, de transparencia e xestión de proxectos. A CSAG recibe proxectos de contidos a diario, para radio, para dixital ou para televisión, entre programas de entretemento, de concursos, de formatos de entrevistas, de documentais, series, formatos híbridos e todo tipo de propostas de produtoras grandes ou de creadores independentes. Todos estes proxectos deben presentarse necesariamente a través da plataforma PLAXA e acompañados da documentación que permita acreditar quen posúe a súa titularidade e o equipo técnico e creativo que sustenta a proposta.

Esta plataforma garante a integridade do proceso, a súa trazabilidade e a seguridade desde o momento da presentación ata a súa valoración final. Cada proxecto presentado na forma correcta pasa por un proceso de comprobación documental rigoroso, supervisado polos técnicos do servizo de xestión da área de contidos, que verifican a adecuación da documentación aos modelos establecidos. Se existen erros ou carencias, notificanse a través da propia plataforma, que permite a súa enmenda. Independentemente do grao de desenvolvemento conceptual das propostas, cando un proxecto avanza cara á súa posible produción, a CSAG esixe sempre a acreditación expresa da titularidade dos dereitos. É un sistema homologable aos que empregan os principais operadores audiovisuais do Estado e garante a seguridade xurídica das relacións contractuais.

A demanda referida recibíuse na Corporación no ano 2022 e está sentenciada desde abril do ano 2024. Non hai demanda ningunha en curso. A demanda xa ten sentenza en contra para o demandante, que tamén ten que pagar as costas. El presentou un recurso de apelación na Audiencia Provincial pero o xulgado do Mercantil número 2 da Coruña foi moi claro e moi contundente na súa sentenza, descartando o plaxio."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:16:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46535
Data envío: 19/01/2026 14:16:38,848

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38182**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación cos materiais didácticos elaborados por CIG-Ensino e coa garantía da liberdade dos centros e do profesorado para promover un pensamento crítico e o debate democrático"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 37682 no Pleno do Parlamento, o 19 de Novembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDE5OWVmYmItNGRkNS00NzE0LWI1Y2YtMTVmZDYyNDg4NGJk&start=3479>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:09:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:09:49
Nº Rexistro: 47501
Data envío: 22/01/2026 17:09:49.756

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38245**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as valoracións que realiza a Xunta de Galicia dos continuos recortes da Comisión Europea nos TAC e nas cotas pesqueiras e o traballo que leva a cabo ou ten previsto desenvolver para defender a frota galega"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 19 de decembro de 2025, reuniuse o Pleno do Consello Galego de Pesca que reclamaba solucións tras a negociación dos TACs e cotas para as especies de especial preocupación para Galicia, como a xarda, o lirio e o abadexo, pois, son preocupantes e decepcionantes.

O Pleno foi convocado con carácter extraordinario porlo Goberno galego, precisamente, ante a desconformidade polas posibilidades de pesca establecidas, sen ter en conta os informes socioeconómicos presentados por Galicia tanto ao comisario europeo de Pesca e Océanos como ao propio ministro de Agricultura, Pesca e Alimención, e para artellar unha fronte común que permita buscar solucións, co fin de que a frota poida seguir traballando.

Para elo, a Consellería do Mar presentou un paquete de propostas como pedir que se manteña, como mínimo, para estas tres especies a mesma cota asignada a España en 2025, ao non ser causante, no caso da xarda e o lirio, dos factores de sobreexplotación, rexeitando calquera redución na asignación ata que se corrixa o consumo excesivo e irresponsable por parte de todos os terceiros países implicados. Neste senso, para estas dúas especies tamén se solicita aplicar a recente modificación de medidas destinadas á conservación das poboacións de peixes en relación cos países que autorizan unha pesca non sostible.

Neste punto, considérase que España, en calidade de Estado membro e, por tanto, axente coas competencias directas na negociación, debe lograr un acordo de reparto das capturas baseado en criterios científicos fidedignos e antecedentes de pesca sostible, así como poñer en marcha unha avaliación diferenciada e resistirse a aceptar as asignacións de cota derivadas da sobrepesca unilateral.

No caso do abadexo, as medidas están dirixidas a unha modificación do sistema de avaliación científica, así como un cambio de especie accesoria a dirixida, ademais do establecemento dun TAC propio.

Na batería de propostas, tamén se inclúe o incremento das porcentaxes de cota da sardiña e bocarte, ademais da fixación doutras asignacións que afectan, en concepto de pesca fortuíta, ao atún vermello para os segmentos da frota galega, así como á pesca accesoria de bocarte para o xeito, racú e piobardeira e a marcaxe do 10 % de pesca accesoria para as embarcacións de cerco de reducido arqueio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A xarda atópase ante unha asignación de cota provisional cun forte descenso do 70 % con respecto a 2025. Deste xeito, a redución proposta do TAC podería levar un impacto económico directo de entre 26,5 e 28,4 millóns de euros e un directo e indirecto de entre 37,1 e 39,7 millóns. Concretamente, a asignación provisional establece que, no primeiro semestre, só se poidan capturar 156.921 toneladas, das que a España lle corresponderían 5.907.

O lirio tamén sofre unha redución do 41 % respecto do 2025, e do 44 % fronte ao 2024. Este recorte supón que a frota galega so poderá pescar 22.272 toneladas no caladoiro nacional CNW e 33.049 toneladas en augas internacionais. A repercusión sobre o conxunto da economía produtiva implicaría unha merma da actividade que oscilaría entre os 5,4 e os 11,3 millóns de euros.

O abadexo tivo unha redución do 36% en 2025 e outra redución adicional do 18% de media para 2026 e 2027. Desde o punto de vista socioeconómico, esta cota representa un risco de estrangulamento que, de materializarse, podería oscilar entre os 1,7 millóns de euros para a frota de palangre e os 14,8 millóns se chegara a paralizar a actividade do conxunto das frotas afectadas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:14:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46177
Data envío: 16/01/2026 15:14:11.135

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38322**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a evolución da audiencia na Televisión de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi amplamente contestada pola directora xeral da CSAG ao mesmo grupo parlamentar na Comisión de Control do pasado mes de novembro de 2025.

Lonxe de ser malos datos os resultados de audiencias son moi bos. O consumo xa é dixital e nese aspecto as redes da CSAG bateron o seu propio récord en 2025 superando por primeira vez na historia os 1.300 millóns de impresións e os 1.000 millóns de reproducións de vídeo, e cunha plataforma AGalega.gal descargada en máis de 200 países. Este datos para unha poboación de 2,7 millóns (máis a diáspora) son extraordinarios.

Nos datos de televisión convencional (TDT): os datos do Estudo Xeral de Medios reflicten que a TVG foi a canle máis vista de Galicia e tamén a autonómica máis vista de España en 2025. Os datos Kantar Media reflicten que a TVG é a cuarta canle autonómica máis vista de España (foi 3ª, en 2024), pero que así e todo medrou nos seus servizos informativos con respecto a 2024.

A maiores trasladamos información respecto ás medicións de Kantar Media dos dous últimos anos que poñen de manifesto as irregularidades cometidas e que foi trasladada en comisión oral pola directora xeral da CSAG:

"A 31 de decembro de 2023, Kantar Media cifraba a audiencia da TVG nun 11 % de cota de pantalla anual. Un ano despois, o 31 de decembro de 2024, Kantar Media cifraba a cota de pantalla da TVG nun 8,6 %, o que supón unha perda de 2,4 puntos. Durante ese ano 2024, no que a audiencia pasou do 11 % ao 8,6 %, anual a Corporación tivo que penalizar economicamente a Kantar Media debido a incumprimentos dos parámetros de medición relativos á merma mostral e á eficiencia do panel. Non foi un mes illado: durante o ano 2024 a Corporación tivo que penalizar a Kantar Media en once dos doce meses do ano. O mes no que se impuxo a máxima penalización foi en marzo, xa que nese mes producíronse desviacións respecto da merma mostral en trinta dos trinta e un días do mes, e produciuse unha perda de eficiencia mostral todos os días do mes, trinta e un de trinta e un días. A TVG, comezou ese mes de marzo cun 10 % de cota de pantalla, e rematou cun 8,5 %, cunha caída de 1,5 puntos.

No tocante a 2025 Kantar Media será penalizada en 2 dos 12 meses do ano: os de xaneiro e outubro. A maior oscilación entre un mes e outro, tanto de subida como de

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46533
Data envío: 19/01/2026 14:16:25.704

baixada, produciuse en outubro, cando, segundo os datos de Kantar, a TVG caeu do 9,3 % ao 7,7 % de cota, é dicir, 1,6% puntos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:16:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46533
Data envío: 19/01/2026 14:16:25.704

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38363**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"os criterios e decisións da Xunta de Galicia relativos á eliminación da participación pública nos contratos da entidade Augas de Galicia, á recuperación do Plan de Transportes Hidrolóxicos e á xestión da política hídrica"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, o pasado 11 de decembro de 2025, na comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos en resposta á POC 38361.

Enlace ao vídeo da comisión 2ª celebrada o 11 de decembro:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQwZGIOM2UtMjJkZi00NTljLWJhMjktMjlkZmRmMzZhNWU5&start=8737>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:40:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:40:16
Nº Rexistro: 47100
Data envío: 21/01/2026 17:40:16.612

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38440**, formulada a iniciativa de Luis Bará Torres, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), , sobre **"Sobre a posición da Xunta de Galicia ante o proxecto eólico Greco e outros na Serra do Suído, así como as medidas previstas para protexer o seu patrimonio natural, paisaxístico e ambiental fronte aos impactos industriais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Na zona da Serra do Suído constan 8 parques autorizados (un deles é un parque eólico singular) e 8 en tramitación (dous deles son parques eólicos singulares) competencia da Xunta de Galicia. Ademais tense constancia de 6 parques mais de competencia estatal en tramitación.

Respecto dos parques autorizados (170, 55 MW), 7 deles están suspendidos xudicialmente (Monte Peón (12,6 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Paraño Oeste (49,7 MW), Marcofán (36,4 MW), Uxo (21 MW), Alto da Telleira (16,9 MW) e Alto de Montouto (21 MW) e parque eólico singular de Avión (2.6 MW) que non dispón de permiso de acceso e conexión.

Respecto dos parques en tramitación (144,72 MW). A situación pormenorizada é a seguinte:

Coto de Eiras (48 MW), Edreira I (24 MW) e Ampliación Edreira I (16,8 MW).- estase coa tramitación da avaliación ambiental (un único estudo de impacto ambiental para o conxunto).

Las Américas 24 (23,62 MW).- A solicitude está na fase de análise previo. Solicitouse informe previo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posto que se atopa en zona de turbeiras, pendente da súa emisión.

Covelo (2 MW) e Melón (1,5 MW) son parques eólicos singulares que non dispoñen do permiso de acceso e conexión. Chan do Eixo (12 MW) obtivo Declaración de Impacto Ambiental negativa e está pendente do arquivo do expediente. Paradanta (16,8 MW) non acadou o fito da Declaración de Impacto Ambiental, o que implica a caducidade do permiso de acceso e conexión. Por todo isto, estes parques eólicos non poden acadar as autorizacións administrativas.

Con respecto aos parques en tramitación de competencia estatal,

Para os parques eólicos Greco, Sistesas, Chamarrapio a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que non hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Para Hedreira e Crecente a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que sí hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

As Fenteiras obtivo a Declaración de Impacto ambiental desfavorable, segundo a resolución publicada no BOE do 22.12.2025.

Na iniciativa parlamentaria cítanse parques que a día de hoxe están arquivados. Concretamente, os parques Coto das Airas, Mancelo e Laxabranca, de competencia autonómica foron arquivados. E para o parque eólico Carballoso, de competencia estatal, consta que o Ministerio aceptou o desestímulo en decembro de 2024.

É preciso ter en conta, ademais, que os estudos de efectos acumulativos e sinérxicos están dentro do Estudo de Impacto Ambiental que forma parte do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste procedemento os distintos organismos emiten os seus informes cos reparos oportunos.

É importante sinalar, ademais, que é unha obriga da Administración tramitar os proxectos que se presentan, o que non implica que a correspondente tramitación remate cunha autorización, xa que a Administración soamente autorizará proxectos que sexan ambiental e tecnicamente viables. A Xunta de Galicia non valora os proxectos; avalíalos e analízaos conforme á lexislación vixente aplicable.

Con respecto, á modificación referida á Lei de medidas fiscais e administrativas, establécese co obxectivo de clarificar o alcance da declaración de interese público superior da construción e explotación dos parques eólicos de acordo coa normativa comunitaria aplicable.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos que consolidaron os proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para acadar os obxectivos de neutralidade climática e garantir a protección da biodiversidade.

Así, obriga a que en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica.

Con esta modificación non se introduce ningún cambio substancial, senón que aclara e sistematiza o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente.

É vital para Galicia conseguir seguridade xurídica e acabar coa parálise actual que lastra un sector clave en toda a UE para avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Polo tanto, cando Galicia regula o interese público da enerxía eólica e a súa prioridade non inventou nada.

O único que fixo foi cumprir coa esixencia comunitaria de acadar o rápido despregue das enerxías por ser o instrumento esencial para protexer o medio ambiente, facer fronte ao cambio climático e, por tanto, protexer a biodiversidade (o sector da enerxía tradicional é o responsable de máis do 75% das emisións totais de gases de efecto invernadoiro).

É, por iso, que, en aras do compromiso deste Goberno coa loita co cambio climático, que de novo se clarifica o mandato esencial comunitario que non pode deixar de aplicarse pola Administración e polos tribunais.

Por último é preciso sinalar que sobre o proxecto eólico Greco respondeuse xa ao grupo parlamentario do BNG a través da iniciativa parlamentaria con número 24897.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46687
Data envío: 19/01/2026 21:48:47,797

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:48:47

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38458**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as medidas que a directora xeral da CSAG prevé aplicar a curto e medio prazo para garantir unha programación e información de interese para a cidadanía galega"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Lonxe de ser malos datos os resultados de audiencias son moi bos. O consumo xa é dixital e nese aspecto as redes da CSAG bateron o seu propio récord en 2025 superando por primeira vez na historia os 1.300 millóns de impresións e os 1.000 millóns de reproducións de vídeo, e cunha plataforma AGalega.gal descargada en máis de 200 países. Este datos para unha poboación de 2,7 millóns (máis a diáspora) son extraordinarios.

Nos datos de televisión convencional (TDT):

Os datos do Estudo Xeral de Medios reflicten que a TVG foi a canle máis vista de Galicia e tamen a autonómica máis vista de España en 2025. Os datos Kantar Media reflicten que a TVG é a cuarta canle autonómica máis vista de España (foi 3ª, en 2024) pero que así e todo medrou nos seus servizos informativos con respecto a 2024.

A maiores trasladamos información respecto ás medicións de Kantar Media dos dous últimos anos que poñen de manifesto as irregularidades cometidas e que foi trasladada en comisión oral pola directora xeral da CSAG:

"A 31 de decembro de 2023, Kantar Media cifraba a audiencia da TVG nun 11 % de cota de pantalla anual. Un ano despois, o 31 de decembro de 2024, Kantar Media cifraba a cota de pantalla da TVG nun 8,6 %, o que supón unha perda de 2,4 puntos. Durante ese ano 2024, no que a audiencia pasou do 11 % ao 8,6 %, anual a Corporación tivo que penalizar economicamente a Kantar Media debido a incumprimentos dos parámetros de medición relativos á merma mostral e á eficiencia do panel. Non foi un mes illado: durante o ano 2024 a Corporación tivo que penalizar a Kantar Media en once dos doce meses do ano. O mes no que se impuxo a máxima penalización foi en marzo, xa que nese mes producíronse desviacións respecto da merma mostral en trinta dos trinta e un días do mes, e produciuse unha perda de eficiencia mostral todos os días do mes, trinta e un de trinta e un días. A TVG, comezou ese mes de marzo cun 10 % de cota de pantalla, e rematou cun 8,5 %, cunha caída de 1,5 puntos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No tocante a 2025 Kantar Media será penalizada en 2 dos 12 meses do ano: os de xaneiro e outubro. A maior oscilación entre un mes e outro, tanto de subida como de baixada, produciuse en outubro, cando, segundo os datos de Kantar, a TVG caeu do 9,3 % ao 7,7 % de cota, é dicir, 1,6% puntos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:16:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46532
Data envío: 19/01/2026 14:16:19.830

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38652**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"as alegacións formuladas pola Xunta de Galicia ao borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, as súas motivacións, o desenvolvemento autonómico previsto e a posible remisión dunha proposta concreta ao Goberno estatal"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A política galega de vivenda céntrase en facilitar o acceso á vivenda, especialmente ás persoas con menos recursos, mediante a duplicación do parque público, o desenvolvemento de solo para vivenda protexida, as axudas ao alugueiro e á compra, a mobilización de vivenda baleira e o impulso decidido á rehabilitación, consolidando así un modelo propio que Galicia propón reforzar coa colaboración do Estado.

Non é de recibo que avanzado o mes de xaneiro, o Goberno central non teña sido capaz de dispor dun novo Plan Estatal de Vivenda, unha vez vencido o anterior, situación que está a dilatar e comprometer as convocatorias que debemos facer as comunidades no marco do mesmo, co correspondente prexuízo á cidadanía.

A Xunta leva meses reclamando que o novo marco naza do consenso e se coordine coas comunidades autónomas que, neste proceso, están a ser desoídas de xeito continuado.

A Xunta de Galicia considera necesario contar cun Plan Estatal de Vivenda, pero entende que o modelo actual de plans estatais cuatrienais resultou insuficiente para dar resposta a un problema estrutural como é o acceso á vivenda.

Por este motivo, o Goberno galego propón avanzar cara a un marco estable de cooperación a longo prazo, baseado nun Pacto Nacional pola Vivenda, que substitúa a lóxica de programas impostos polo Estado por unha estratexia compartida, flexible e adaptada á realidade territorial. Este novo enfoque debería apoiarse na coordinación efectiva entre o Estado e as comunidades autónomas, evitando duplicidades, establecendo obxectivos claros e cun horizonte temporal mínimo de seis anos, que permita consolidar actuacións estruturais mediante acordos bilaterais e sistemas de avaliación.

No ámbito do financiamento, a Xunta está a aceptar desde o primeiro momento o novo modelo de cofinanciación que o estado impón do 40%, pero reclama un incremento significativo dos fondos estatais, tendo en conta que a dotación actual do Plan Estatal resulta moi inferior ao esforzo investidor realizado por Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Proponse un cambio de modelo cara á cofinanciación das políticas autonómicas de vivenda, con achegas estatais estruturadas nunha parte fixa e outra variable, en función de criterios obxectivos como o nivel de investimento autonómico, a dispersión poboacional ou a renda per cápita.

Neste contexto, a Xunta trasladou ao Plan Estatal de Vivienda xa no mes de decembro de 2024 e a finais desde 2025, un conxunto de aportacións concretas, centradas no acceso á vivenda —mediante promoción pública, colaboración público-privada, axudas á compra e ao alugueiro, mobilización de vivenda baleira e atención a colectivos vulnerables—, así como na rehabilitación, a través de áreas de rehabilitación integral, mellora da accesibilidade ou eficiencia enerxética.

Xunto a isto, Galicia propón reforzar o apoio á xestión administrativa, impulsando ferramentas dixitais, sistemas de seguimento e ventanillas únicas de vivenda, así como unha adecuación do marco normativo estatal. Neste eido, a Xunta aposta pola revisión da lexislación de vivenda, solo, contratos públicos, normativa fiscal e criterios contables, co obxectivo de axilizar trámites, favorecer o investimento público e privado e facilitar a promoción de vivenda protexida. Deféndese tamén a simplificación dos informes sectoriais estatais, o silencio administrativo positivo e incentivos fiscais específicos para a vivenda accesible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:13:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46172
Data envío: 16/01/2026 15:13:11.820

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38663**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"o motivo polo que non se puxo en marcha o sistema de depuración de augas residuais de Xaz, no concello de Oleiros, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para desbloquear a súa posta en funcionamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Concellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Oleiros solicitou no ano 2020 reutilizar as augas da súa depuradora para un campo de golf no marco da autorización de vertido que xa tiña concedida.

Sen embargo, tras un primeiro informe sanitario desfavorable e a raíz dos cambios legais que se produciron entre 2023 e 2024 (cando se modificou por completo a lexislación estatal sobre reutilización de augas), o procedemento tivo que reiniciarse como concesión de auga ao non poder tramitarse como un cambio na autorización de vertido orixinal.

Esta nova concesión, que agora tramita a empresa explotadora do campo de golf, segue en curso desde que o pasado mes de outubro Augas de Galicia recibiu o convenio asinado entre o Concello e a empresa que explota a instalación deportiva e o plan de xestión do risco da auga rexenerada; a decisión definitiva dependerá de que conte cos informes preceptivos.

En todo caso, cómpre lembrar que o procedemento desta nova concesión se iniciou en 2024 e non foi ata hai unhas semanas cando a Xunta recibiu toda a documentación necesaria para tramitar a autorización".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 17:09:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 17:09:36
Nº Rexistro: 47499
Data envío: 22/01/2026 17:09:36.046

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38744**, formulada a iniciativa de **Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, , sobre **"a desprotección da paisaxe, a valoración paisaxística dos parques eólicos, o informe favorable de proxectos en áreas sensibles como a Serra do Suído e a consideración dos impactos acumulativos e sinérxicos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Na zona da Serra do Suído constan 8 parques autorizados (un deles é un parque eólico singular) e 8 en tramitación (dous deles son parques eólicos singulares) competencia da Xunta de Galicia. Ademais tense constancia de 6 parques mais de competencia estatal en tramitación.

Respecto dos parques autorizados (170, 55 MW), 7 deles están suspendidos xudicialmente (Monte Peón (12,6 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Paraño Oeste (49,7 MW), Marcofán (36,4 MW), Uxo (21 MW), Alto da Telleira (16,9 MW) e Alto de Montouto (21 MW) e parque eólico singular de Avión (2.6 MW) que non dispón de permiso de acceso e conexión.

Respecto dos parques en tramitación (144,72 MW). A situación pormenorizada é a seguinte:

Coto de Eiras (48 MW), Edreira I (24 MW) e Ampliación Edreira I (16,8 MW).- estase coa tramitación da avaliación ambiental (un único estudo de impacto ambiental para o conxunto).

Las Américas 24 (23,62 MW).- A solicitude está na fase de análise previo. Solicitouse informe previo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posto que se atopa en zona de turbeiras, pendente da súa emisión.

Covelo (2 MW) e Melón (1,5 MW) son parques eólicos singulares que non dispoñen do permiso de acceso e conexión. Chan do Eixo (12 MW) obtivo Declaración de Impacto Ambiental negativa e está pendente do arquivo do expediente. Paradanta (16,8 MW) non acadou o fito da Declaración de Impacto Ambiental, o que implica a caducidade do permiso de acceso e conexión. Por todo isto, estes parques eólicos non poden acadar as autorizacións administrativas.

Con respecto aos parques en tramitación de competencia estatal,

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Para os parques eólicos Greco, Sistesas, Chamarrapio a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que non hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

Para Hedreira e Crecente a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que sí hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

As Fenteiras obtivo a Declaración de Impacto ambiental desfavorable, segundo a resolución publicada no BOE do 22.12.2025.

Na iniciativa parlamentaria cítanse parques que a día de hoxe están arquivados. Concretamente, os parques Coto das Airas, Mancelo e Laxabranca, de competencia autonómica foron arquivados. E para o parque eólico Carballoso, de competencia estatal, consta que o Ministerio aceptou o desestimento en decembro de 2024.

É preciso ter en conta, ademais, que os estudos de efectos acumulativos e sinérxicos están dentro do Estudo de Impacto Ambiental que forma parte do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste procedemento os distintos organismos emiten os seus informes cos reparos oportunos.

É importante sinalar, ademais, que é unha obriga da Administración tramitar os proxectos que se presentan, o que non implica que a correspondente tramitación remate cunha autorización, xa que a Administración soamente autorizará proxectos que sexan ambiental e tecnicamente viables. A Xunta de Galicia non valora os proxectos; avalíaos e analízaos conforme á lexislación vixente aplicable.

Con respecto, á modificación referida á Lei de medidas fiscais e administrativas, establécese co obxectivo de clarificar o alcance da declaración de interese público superior da construción e explotación dos parques eólicos de acordo coa normativa comunitaria aplicable.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos que consolidaron os proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para acadar os obxectivos de neutralidade climática e garantir a protección da biodiversidade.

Así, obriga a que en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica.

Con esta modificación non se introduce ningún cambio substancial, senón que aclara e sistematiza o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



É vital para Galicia conseguir seguridade xurídica e acabar coa parálise actual que lastra un sector clave en toda a UE para avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática.

Polo tanto, cando Galicia regula o interese público da enerxía eólica e a súa prioridade non inventou nada.

O único que fixo foi cumprir coa esixencia comunitaria de acadar o rápido despregue das enerxías por ser o instrumento esencial para protexer o medio ambiente, facer fronte ao cambio climático e, por tanto, protexer a biodiversidade (o sector da enerxía tradicional é o responsable de máis do 75% das emisións totais de gases de efecto invernadoiro).

É, por iso, que, en aras do compromiso deste Goberno coa loita co cambio climático, que de novo se clarifica o mandato esencial comunitario que non pode deixar de aplicarse pola Administración e polos tribunais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:48:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46685
Data envío: 19/01/2026 21:48:33,455

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 38804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"os problemas de calidade do subministro eléctrico en Mazaricos, os datos dispoñibles, o cumprimento da lexislación, as inspeccións, os informes das distribuidoras, as indemnizacións e a equiparación entre zonas rurais e urbanas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A calidade da subministración está recollida no título VI do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

A aplicación CEL, desenvolta polo antes coñecido como Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, permite consultar os índices de calidade de subministración zonal anuais, tanto a nivel nacional como desagregados por comunidades autónomas e por provincias, resultantes da información auditada que remiten anualmente as empresas distribuidoras.

Os últimos datos publicados, agora na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, amosan un descenso nos valores TIEPI (tempo de interrupción equivalente da potencia instalada en media tensión) e NIEPI (número de interrupcións equivalente da potencia instalada en media tensión) nas zonas rurais de Galicia.

Así, as empresas distribuidoras están a cumprir co disposto nos artigos 7,8 e 9 da Orde do 28 de outubro de 2002 pola que se establece o programa aplicable para a realización das operacións de mantemento e se establecen os prazos de emenda dos defectos tipo que se detecten nas operacións de inspección e mantemento das instalacións eléctricas de distribución, en relación co programa anual de mantemento.

Tamén cómpre indicar que moitas incidencias nas zonas rurais están relacionadas con temporais declarados como "forza maior" e estas interrupcións da subministración non poden ser imputables ás distribuidoras.

Os microcortes de subministración prodúcense por diversas causas e moitos destes microcortes teñen unha duración dun segundo. A xestión da mellora da subministración durante eses microcortes debe levarse a cabo polas empresas distribuidoras que deberán ter en conta este aspecto á hora de mellorar a calidade do servizo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





É certo que a normativa establece que en zonas rurais o tempo de interrupción e número de interrupcións poden ser maiores, o que en certo modo obedece a que as infraestruturas nunha cidade e no rural disperso difiren. De feito, é lóxico que, se nunha zona urbana hai un fallo é máis rápido de solucionar porque a rede habitualmente é mallada e pódese alimentar desde outro sitio.

Non obstante, tendo en conta a situación actual e que os valores límite son antigos, consideramos que se poden reducir os limiares de TIEPI ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$) e NIEPI ($1 \text{ kV} < V \leq 36 \text{ kV}$), e que son os parámetros habituais que se utilizan para calcular a calidade da subministración.

Iso si, entendemos que a diferenza entre zonas urbanas e rurais debe ser cada vez menor e realizarse gradualmente, de tal forma que os investimentos precisos poidan asumirse e sen que acaben recaendo como un incremento na factura directo e apreciable para a cidadanía.

Por último, en canto ás sancións, estas veñen recollidas nos artigos 105 e 107 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. De feito, no artigo 105.6 dispónse que *"En todos aqueles supostos en que se incumpra o establecido no apartado 2 do artigo 103 do presente Real Decreto, as empresas distribuidoras procederán a aboar ao consumidor, por cada incumprimento, na primeira facturación que se produza, a maior das seguintes cantidades: 30,050605 euros ou o 10 por 100 da primeira facturación completa."*

Esa contía de 30,05 € semella que ten que ser actualizada.

Asemade, cómpre indicar que a Xunta ten a disposición da cidadanía o procedemento IN635A para reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, de tal xeito que seguirá vixiando o cumprimento estrito da normativa por parte das distribuidoras.

Ademais, en relación cos problemas concretos na zona de Mazaricos, o 19.11.2025 o Concello presentou un escrito respecto deste tema. Como consecuencia do devandito escrito, abriuse o expediente informativo SEM 2025/100, enviándosele o mesmo día 19 a UFD para que realizase as achegas e alegacións oportunas.

Sen que ata o momento haxa resposta oficial, si hai constancia de que UFD está a facer comprobacións na liña para saber cal é a orixe do problema. E en calquera caso, a Xunta de Galicia permanecerá vixiante."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:15:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46528
Data envío: 19/01/2026 14:15:53,337

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39036**, formulada a iniciativa de **Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, sobre **"a protección da serra do Suído, incluíndo a valiación de impactos dos parques eólicos, plans para Rede Natura, conservación de hábitats e prevención de riscos ambientais e patrimoniais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Na zona da Serra do Suído constan 8 parques autorizados (un deles é un parque eólico singular) e 8 en tramitación (dous deles son parques eólicos singulares) competencia da Xunta de Galicia. Ademais tense constancia de 6 parques mais de competencia estatal en tramitación.

Respecto dos parques autorizados (170, 55 MW), 7 deles están suspendidos xudicialmente (Monte Peón (12,6 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Paraño Oeste (49,7 MW), Marcofán (36,4 MW), Uxo (21 MW), Alto da Telleira (16,9 MW) e Alto de Montouto (21 MW) e parque eólico singular de Avión (2.6 MW) que non dispón de permiso de acceso e conexión.

Respecto dos parques en tramitación (144,72 MW). A situación pormenorizada é a seguinte:

Coto de Eiras (48 MW), Edreira I (24 MW) e Ampliación Edreira I (16,8 MW).- estase coa tramitación da avaliación ambiental (un único estudo de impacto ambiental para o conxunto).

Las Américas 24 (23,62 MW).- A solicitude está na fase de análise previo. Solicitouse informe previo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posto que se atopa en zona de turbeiras, pendente da súa emisión.

Covelo (2 MW) e Melón (1,5 MW) son parques eólicos singulares que non dispoñen do permiso de acceso e conexión. Chan do Eixo (12 MW) obtivo Declaración de Impacto Ambiental negativa e está pendente do arquivo do expediente. Paradanta (16,8 MW) non acadou o fito da Declaración de Impacto Ambiental, o que implica a caducidade do permiso de acceso e conexión. Por todo isto, estes parques eólicos non poden acadar as autorizacións administrativas.

Con respecto aos parques en tramitación de competencia estatal,

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Para os parques eólicos Greco, Sistesas, Chamarrapio a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que non hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

Para Hedreira e Crecente a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático emitíu informe no que se constata que sí hai solapamento con outras posicións doutros parques eólicos en tramitación.

As Fenteiras obtivo a Declaración de Impacto ambiental desfavorable, segundo a resolución publicada no BOE do 22.12.2025.

Na iniciativa parlamentaria cítanse parques que a día de hoxe están arquivados. Concretamente, os parques Coto das Airas, Mancelo e Laxabranca, de competencia autonómica foron arquivados. E para o parque eólico Carballoso, de competencia estatal, consta que o Ministerio aceptou o desestimento en decembro de 2024.

É preciso ter en conta, ademais, que os estudos de efectos acumulativos e sinérxicos están dentro do Estudo de Impacto Ambiental que forma parte do procedemento de avaliación de impacto ambiental. Neste procedemento os distintos organismos emiten os seus informes cos reparos oportunos.

É importante sinalar, ademais, que é unha obriga da Administración tramitar os proxectos que se presentan, o que non implica que a correspondente tramitación remate cunha autorización, xa que a Administración soamente autorizará proxectos que sexan ambiental e tecnicamente viables. A Xunta de Galicia non valora os proxectos; avalíaos e analízaos conforme á lexislación vixente aplicable.

Con respecto, á modificación referida á Lei de medidas fiscais e administrativas, establécese co obxectivo de clarificar o alcance da declaración de interese público superior da construción e explotación dos parques eólicos de acordo coa normativa comunitaria aplicable.

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos que consolidaron os proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para acadar os obxectivos de neutralidade climática e garantir a protección da biodiversidade.

Así, obriga a que en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica.

Con esta modificación non se introduce ningún cambio substancial, senón que aclara e sistematiza o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





É vital para Galicia conseguir seguridade xurídica e acabar coa parálise actual que lastra un sector clave en toda a UE para avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática.

Polo tanto, cando Galicia regula o interese público da enerxía eólica e a súa prioridade non inventou nada.

O único que fixo foi cumprir coa esixencia comunitaria de acadar o rápido despregue das enerxías por ser o instrumento esencial para protexer o medio ambiente, facer fronte ao cambio climático e, por tanto, protexer a biodiversidade (o sector da enerxía tradicional é o responsable de máis do 75% das emisións totais de gases de efecto invernadoiro).

É, por iso, que, en aras do compromiso deste Goberno coa loita co cambio climático, que de novo se clarifica o mandato esencial comunitario que non pode deixar de aplicarse pola Administración e polos tribunais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:48:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46683
Data envío: 19/01/2026 21:48:13.468

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"se o Goberno galego prevé construír a nova EDAR de Dodriño, no concello de Dodro, e cal sería o calendario para o inicio das obras"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de saneamento son estritamente municipais, e así se recolle na normativa reguladora en materia de réxime local e na normativa sectorial en materia de augas (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia).

Augas de Galicia pode colaborar co Concello de Dodro, ao igual que co resto das administracións locais de Galicia, nesta materia no exercicio das súas competencias e segundo a dispoñibilidade orzamentaria, prestando apoio técnico e financeiro para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficiente das ditas competencias municipais exclusivas. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:05:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46165
Data envío: 16/01/2026 15:05:33,781

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39477**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e outros/as deputados e deputadas do mesmo grupo, sobre **"se o Goberno galego considera aceptable manter instalacións que non garanten unha depuración axeitada das augas residuais en Dodriño, no concello de Dodro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de saneamento son estritamente municipais, e así se recolle na normativa reguladora en materia de réxime local e na normativa sectorial en materia de augas (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia).

Augas de Galicia pode colaborar co Concello de Dodro, ao igual que co resto das administracións locais de Galicia, nesta materia no exercicio das súas competencias e segundo a dispoñibilidade orzamentaria, prestando apoio técnico e financeiro para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficiente das ditas competencias municipais exclusivas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:05:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46162
Data envío: 16/01/2026 15:05:17.510

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39481**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e outros/as deputados e deputadas do mesmo grupo, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de incluír unha dotación orzamentaria específica para financiar e executar a nova depuradora de Dodriño, no concello de Dodro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de saneamento son estritamente municipais, e así se recolle na normativa reguladora en materia de réxime local e na normativa sectorial en materia de augas (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia).

Augas de Galicia pode colaborar co Concello de Dodro, ao igual que co resto das administracións locais de Galicia, nesta materia no exercicio das súas competencias e segundo a dispoñibilidade orzamentaria, prestando apoio técnico e financeiro para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficiente das ditas competencias municipais exclusivas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:12:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46169
Data envío: 16/01/2026 15:12:49.645

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39991**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as explicacións da Xunta de Galicia en relación co caso dos fallos das pulseiras telemáticas de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, singularmente coa data e co contido da súa comunicación ao Goberno central"**, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O dispositivo de control telemático é un sistema electrónico que ten por obxecto garantir o cumprimento das ordes de afastamento que impoñen os membros do poder xudicial.

A competencia exclusiva e excluínle para a adquisición, implementación, control, así como a verificación do funcionamento destes dispositivos é única e exclusiva do Ministerio de Igualdade.

A Consellería de Política Social e Igualdade tivo coñecemento dos fallos nas pulseiras telemáticas a través dos medios de comunicación que publicaron a noticia a finais do mes de setembro do 2025.

Con motivo destes fallos, a Consellería requiriu ao Ministerio de Igualdade, mediante carta escrita, coñecer o alcance que os ditos erros tiveron na nosa Comunidade.

Ademais, o Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, órgano dependente desta Consellería, tamén enviou unha misiva ao Ministerio para coñecer o número de mulleres afectadas e solicitando a emenda do dito erro.

A día de hoxe, a Consellería de Política Social e Igualdade non recibiu contestación ningunha por parte do Ministerio de Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:54:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46544
Data envío: 19/01/2026 14:54:22.340

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 39999**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para abordar o uso das tecnoloxías na infancia e na adolescencia desde unha perspectiva integral"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta vén de aprobar o Plan integral de benestar dixital que é a folla de ruta dirixida a xestionar de forma axeitada a utilización das tecnoloxías no eido educativo e contribuír, deste xeito, á formación de cidadáns dixitais que fagan un uso consciente, responsable e comprometido das mesmas.

O plan, deseñado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nace co obxectivo de blindar os centros educativos como contornas dixitais seguras e saudables onde a innovación avance da man da protección, da igualdade de oportunidades e da defensa dos dereitos e da dignidade das persoas.

Coa aprobación do Plan integral de benestar dixital dáse resposta a unha demanda da comunidade educativa no marco da futura Lei de educación dixital de Galicia, un texto pioneiro a nivel estatal e europeo que se atopa en tramitación para entrar en vigor o vindeiro curso, así como con outras medidas como a actualización do programa E-Dixgal ou a regulación do uso de dispositivos móbiles nos espazos educativos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:44
Nº Rexistro: 47095
Data envío: 21/01/2026 17:39:44.242

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 40092**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as aclaracións e datos relativos á operación de compravenda de activos eólicos entre Acciona e Recursos de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre destacar que a sociedade Recursos de Galicia (RDG), aínda que conta con participación pública da Xunta de Galicia -con condición de primeira accionista, sendo o accionista maioritario dos minoritarios-, é unha sociedade privada, polo que as posibles negociacións que teña con promotores de diferentes proxectos lévanse a cabo no ámbito privado.

En relación ás preguntas sobre a operación, antigüidade dos parques ou custos de repotenciación, cómpre salientar que non consta na Xunta de Galicia que formalmente se teña iniciado ningún procedemento administrativo de transmisión de titularidade de parques eólicos da sociedade Acciona á sociedade Recursos de Galicia.

Doutra banda, a Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, é unha norma que aplica a todos os proxectos que fan uso dos recursos naturais da nosa comunidade, e que ten como obxectivo garantir a xeración de riqueza social e económica no territorio onde se implantan estes proxectos. Con este fin, avalíanse estes efectos durante a tramitación dos procedementos previstos na dita lei, aplicándose a novas autorizacións, e non, con carácter retroactivo, a autorizacións xa vixentes .

Polo tanto, unha mera transmisión de titularidade non implicaría a aplicación directa da lei de recursos naturais, sen prexuízo de compromisos que, dun xeito voluntario, poidan asumir as compañías para fomentar o desenvolvemento deste tipo de proxectos no territorio.

Non obstante, as repotenciacións dos parques eólicos, ao considerarse modificacións substanciais dos parques orixinais que requiren novas autorizacións, si deben someterse ao previsto na Lei 2/2024, así como ao resto da normativa vixente".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:15:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46525
Data envío: 19/01/2026 14:15:33.165

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 40585**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as características e as liñas do Plan estratéxico en materia de discapacidade anunciado pola conselleira de Política Social e Igualdade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego vai lanzar neste ano 2026 un plan estratéxico con horizonte 2030 para situar a Galicia como referente na plena integración das persoas con discapacidade en todos os ámbitos das súas vidas.

Este plan estratéxico será totalmente consensuado coas entidades sociais da discapacidade en Galicia e terá carácter transversal, para incluír todos os ámbitos da vida das persoas con discapacidade: os servizos sociais, a atención sociosanitaria, a empregabilidade, a educación e formación e tamén o ocio e o deporte.

Entre os obxectivos para 2030, se continuará realizando unha aposta decidida pola atención temperá, que hoxe dá servizo a 200 concellos, e pola creación dunha rede de atención postemperá, para os nenos e nenas que unha vez cumpridos os seis anos seguen precisando este servizo. Ademais, o Goberno galego continuará impulsando o fomento da autonomía, da formación e da empregabilidade das persoas con discapacidade, sempre en colaboración coas entidades sociais.

Nesta liña de cooperación, a Xunta seguirá apostando por crear máis prazas de residencia e centro de día, que hoxe chegan ás 5.900, e por continuar dando estabilidade ás prazas públicas que xa existen. Neste sentido, é importante destacar a recente aprobación da revisión de prezos por parte do Goberno galego, con máis de 7M€ anuais para facer fronte ao novo convenio colectivo da discapacidade.

O Goberno galego tamén aposta por continuar creando máis centros para a discapacidade en colaboración coas entidades sociais, un obxectivo ao que nos tres últimos anos se destinaron máis de 30M€, e por desenvolver novos modelos de atención, con centros baseados en fomentar a vida independente e a integración na comunidade, como o que se porá en marcha en Friol.

Por último, e xunto á elaboración deste plan estratéxico, outro dos principais retos para o 2026 será o impulso da Lei do terceiro sector social, un compromiso que xa adiantara o presidente da Xunta."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 14:15:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46524
Data envío: 19/01/2026 14:15:26.243

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 41393**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a falta de avaliación ambiental e socioeconómica dos vertidos de materiais de dragaxe nos puntos E8, B e D das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, as denuncias do sector pesqueiro e as medidas previstas para suspendelos e buscar alternativas fóra delas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta respecta absolutamente o criterio técnico e científico do CEDEX - organismo estatal de referencia e maior prestixio en materia de dragados- reflectido no informe no que se basea o ditame do Ministerio de Transición Ecolóxica -administración competente na materia- que autoriza o depósito de áridos nos puntos B, E8 e D das Rías Baixas.

Entendemos que o ámbito político non pode emendar o criterio técnico da Comisión liderada polo CEDEX na que participaron tamén Puertos del Estado e Portos de Galicia.

En todo caso o informe do Ministerio recolle textualmente que o depósito dos áridos neste punto *"non implica afectación negativa"* para a contorna ambiental e segue as Directrices da Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas que establecen como prioridade a posibilidade de devolver o material dragado ao mar ao tratarse de áridos de categoría A e B -as máis altas- pola súa baixa concentración de metais pesados, tal como confirman as caracterizacións científicas realizadas en 2009, 2016, 2020 e 2024.

A Xunta lembra ademais que os proxectos de dragaxe e os estudos de impacto ambiental que implican -que inclúen todos os informes sectoriais preceptivos- sométense a información pública onde todos os interesados poden presentar as súas alegacións e argumentalas.

En todo caso, a normativa vixente que se concreta nas *"Directrices para a caracterización do material dragado e a súa recolocación en augas do dominio público marítimo terrestre"* aprobadas pola Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas, establecen o uso preferente do material debe ser o produtivo.

É dicir, seguindo a filosofía de devolver ao mar o que procede del, establécese como prioridade a posibilidade de reutilización deste material no propio mar, sempre que se cumpran os requisitos ambientais necesarios, como se comprobou cos estudos validados polo CEDEX e se seguirá verificando durante o desenvolvemento da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:32
Nº Rexistro: 47093
Data envío: 21/01/2026 17:39:32.728

actuación co preceptivo Plan de Vixilancia Ambiental que se acometerá en paralelo a ela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:32
Nº Rexistro: 47093
Data envío: 21/01/2026 17:39:32.728

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 42965**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do escaso grao de execución do programa 415B, Acceso á vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Para avaliar correctamente a execución orzamentaria do IGVS é imprescindible distinguir os distintos tipos de fondos que integran o seu orzamento, xa que non todos computan do mesmo xeito nin no mesmo momento.

- Os fondos de execución anual, que se corresponden co gasto de fondos da comunidade autónoma (FCA) dos cales a execución computa na fase de pago (OK).
- Os fondos de execución plurianual, que se corresponden con fondos externos (Transferencias finalistas do Estado -TFE- e fondos do Mecanismo de recuperación e Resiliencia -MRR-), dos cales a execución computa en fase D, que é o momento da concesión da axuda, xa que a execución das obras e os pagos fanse normalmente nas seguintes anualidades pola propia natureza das actuacións. A estes efectos, incorpóranse anualmente e non se perden.
- Fondo de cooperación cos concellos. Extrapresupostario, financiados con fianzas de arrendamentos depositadas no IGVS e que non computan na execución orzamentaria.
- Fondos de imposible execución, pendentes de liquidación co Ministerio. Trátase de fondos destinados a axudas concedidas que os adxudicatarios non xustificaron ou aos que renunciaron. Fundamentalmente son fondos dos Plans Estatais de Vivenda, cuxa execución computa en fase de compromiso (D), así se establece nos convenios asinados entre a comunidade autónoma e o Estado a efectos de xustificar o emprego dos fondos transferidos.
- Fondos do Plan de Transformación e Resiliencia (MRR) cuxa execución computa en fase de compromiso (D).

En calquera caso, a execución orzamentaria mídese no conxunto do ano e non por trimestres.

As contas do IGVS de 2024 son públicas e nas mesmas pode acceder aos datos de execución orzamentaria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Execución programa 451 B (2024).

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2024 un importe de 56.958.302,04 € e a execución foi de un 81,35 % en fase OK.

A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 68,81 % en fase D.

Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 88,28 % en fase D.

Execución programa 451 B (2025).

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

- Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2025 un importe de 87.332.476,56 € e a execución foi de un 72,52 % en fase OK.

- A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 75,56 % en fase D.

- Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 98,69 % en fase D".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:25
Nº Rexistro: 47092
Data envío: 21/01/2026 17:39:25.889

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 42969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"as medidas concretas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para acelerar a execución orzamentaria no programa 451B, Acceso á vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Para avaliar correctamente a execución orzamentaria do IGVS é imprescindible distinguir os distintos tipos de fondos que integran o seu orzamento, xa que non todos computan do mesmo xeito nin no mesmo momento.

- Os fondos de execución anual, que se corresponden co gasto de fondos da comunidade autónoma (FCA) dos cales a execución computa na fase de pago (OK).
- Os fondos de execución plurianual, que se corresponden con fondos externos (Transferencias finalistas do Estado -TFE- e fondos do Mecanismo de recuperación e Resoliciencia -MRR-), dos cales a execución computa en fase D, que é o momento da concesión da axuda, xa que a execución das obras e os pagos fanse normalmente nas seguintes anualidades pola propia natureza das actuacións. A estes efectos, incorpóranse anualmente e non se perden.
- Fondo de cooperación cos concellos. Extrapresupostario, financiados con fianzas de arrendamentos depositadas no IGVS e que non computan na execución orzamentaria.
- Fondos de imposible execución, pendentes de liquidación co Ministerio. Trátase de fondos destinados a axudas concedidas que os adxudicatarios non xustificaron ou aos que renunciaron. Fundamentalmente son fondos dos Plans Estatais de Vivenda, cuxa execución computa en fase de compromiso (D), así se establece nos convenios asinados entre a comunidade autónoma e o Estado a efectos de xustificar o emprego dos fondos transferidos.
- Fondos do Plan de Transformación e Resiliencia (MRR) cuxa execución computa en fase de compromiso (D).

En calquera caso, a execución orzamentaria mídese no conxunto do ano e non por trimestres.

As contas do IGVS de 2024 son públicas e nas mesmas pode acceder aos datos de execución orzamentaria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Execución programa 451 B (2024).

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2024 un importe de 56.958.302,04 € e a execución foi de un 81,35 % en fase OK.

A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 68,81 % en fase D.

Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 88,28 % en fase D.

Execución programa 451 B (2025).

Os datos de execución do IGVS correspondentes ao programa 451 B:

- Os fondos de execución anual (FCA) supuxeron no ano 2025 un importe de 87.332.476,56 € e a execución foi de un 72,52 % en fase OK.

- A porcentaxe de execución dos fondos estatais (TFE) acadou unha execución do 75,56 % en fase D.

- Finalmente, a execución dos fondos europeos (MRR) acadou un 98,69 % en fase D".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:19
Nº Rexistro: 47091
Data envío: 21/01/2026 17:39:19.670

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 43193**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as medidas que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP**, que ten o seguinte contido:

"Para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a inclusión é unha prioridade. Actualmente, Galicia ten o sistema educativo máis inclusivo de España, co 93,3% do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado en centros ordinarios. Isto é resultado dunha aposta transversal que pasa polo reforzo dos recursos, tanto humanos como técnicos, e duns marcos normativos pioneiros.

Actualmente, no sistema educativo desenvolven a súa labor uns 5.000 profesionais dedicados á atención a diversidade. Ademais, estes últimos dous cursos estanse aplicando medidas que avanza na inclusión, como a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais dentro da aula.

Cómpre salientar que, desde este curso está operativa a Estratexia Galega de Inclusión, que articula novas propostas como ciclos de Formación Profesional adaptada, a posta en marcha de programas de acompañamento para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou o desenvolvemento de itinerarios formativos adaptados para a prevención do abandono escolar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 17:39:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 17:39:13
Nº Rexistro: 47090
Data envío: 21/01/2026 17:39:13.371

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28391**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e María dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"os preparativos e traballos realizados polo Goberno galego para o acollemento de menores non acompañados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Cada vez que un menor entra a formar parte do sistema de protección da Xunta recibe unha atención integral na que se contempla a súa formación, coidados e todos os servizos que un neno ou adolescente poida precisar as 24 horas do día.

Unha atención que se prolonga, na maioría dos casos, máis alá dos 18 anos, pois continúa ata que son capaces de emprender un proxecto de vida independente (vivenda, traballo...).

Tendo en conta isto, sumar uns 300 menores ao sistema sen ningún tipo de financiación por parte do Goberno central, suporía para Galicia un custo anual de 30M€.

Acoller menores con todas as garantías de benestar para eles require dunha importante planificación e dos fondos económicos necesarios, xusto o que non está facendo o Goberno de Pedro Sánchez.

Estamos ante un reparto arbitrario e inxusto. Unha nova imposición do Executivo de Sánchez que só beneficia aos seus socios parlamentarios, porque mentres que Galicia ten que acoller preto de 300 menores, o País Vasco e Cataluña ningún.

En todo caso, o plan do Goberno central está a resultar un fracaso:

En marzo dixeron que ían reubicar na Península a 4.000 menores de Canarias, Ceuta e Melilla.

Pero en todo 2025 só foron capaces de reubicar a 368 menores, como eles mesmos recoñecen.

Non deixaremos de esixirle ao Goberno central que volva a vía do diálogo e do consenso, como se fixo ata agora. E por iso, presentamos un recurso ante o Constitucional xunto a outras 10 CCAA de distinta cor política, que xa foi admitido a trámite.

Ademais, seguiremos recorrendo en todas as instancias calquera nova normativa ou decreto que o Goberno de Sánchez queira impoñer nesta materia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outro lado, a Xunta volveu coñecer de maneira extraoficial, que o Goberno central enviou a Galicia 30 menores estranxeiros solicitantes de asilo:

Un traslado do que non se informou oficialmente e en ningún momento á Xunta...

Este novo grupo de menores forma parte dos máis de mil solicitantes de asilo que o Goberno central debe acoller por orde do Supremo, e que leva postergando 9 meses.

E que está derivando pola porta de atrás ás comunidades, polo que Galicia será a que se faga cargo da súa atención sanitaria e educativa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:24:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46322
Data envío: 16/01/2026 22:24:58,090

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28439**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Daniel Pérez López, sobre **"medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir que as VUT (Vivendas de Uso Turístico) contén co acordo expreso das comunidades de propietarios"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as contestacións formuladas:

"A Xunta xa recolle no decreto de 2017 que regula as vivendas de uso turístico na comunidade, a capacidade das comunidades de veciños para establecer limitacións ou prohibicións para poder actuar como vivenda de uso turístico a través dos seus estatutos.

A modificación da Lei de Propiedade Horizontal que levou a cabo o Goberno español a través da Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, establece a obrigatoriedade de que as persoas que pretendan dedicar un piso a VUT precisen de permiso expreso da comunidade de propietarios.

Desde a entrada en vigor do decreto autonómico, o seu rexistro estase a realizar de forma regular. Non obstante, a mera inscrición dunha vivenda no REAT non a habilita para a súa actividade se hai limitacións urbanísticas que imposibiliten esta actividade e tamén, desde o 3 de abril, se non existe unha aprobación expresa da comunidade de propietarios.

Segundo o procedemento, para realizar a alta dunha VUT no REAT, será o propio propietario o encargado de achegar toda a documentación pertinente, incluíndo unha declaración responsable conforme a VUT cumpre con toda a lexislación vixente.

A Axencia de Turismo de Galicia (ATG) remite as novas altas aos concellos correspondentes, e serán estes os responsables de comunicar irregularidades -no caso de existir- de modo que a ATG poida proceder a súa baixa.

Con todo, nos supostos nos que a ATG teña coñecemento de que unha vivenda non poida ser destinada a uso turístico nun inmovble suxeito á Lei de Propiedade Horizontal, desde a ATG séguese o mesmo procedemento de baixa que no caso dos concellos."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:33:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:33:46
Nº Rexistro: 47462
Data envío: 22/01/2026 16:33:46,550

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28456**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"os efectos que o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita ten no desenvolvemento das súas funcións en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 39606, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 17 de decembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWRkZmYxMmEtY2RkNy00Mjc1LTg3NDgtZjdkNWQ3NjUzYTdk&start=11411>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWRkZmYxMmEtY2RkNy00Mjc1LTg3NDgtZjdkNWQ3NjUzYTdk&start=11755>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:24:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46319
Data envío: 16/01/2026 22:24:41.210

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28497**, formulada a iniciativa de Brais Ruanova Vilas-Boas e outros/as do mesmo/a Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre **"as intencións que ten o Goberno galego no que atinxe ao contacto coas traballadoras e traballadores das empresas da automoción con risco de perda de emprego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"O 6 de novembro de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 28496, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións que ten o Goberno galego no que atinxe ao contacto coas traballadoras e traballadores das empresas da automoción con risco de perda de emprego, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación, inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2VjNWRkM2UtMjRiZS00MjU5LWlyOTItMWJhYmYxOGExZjRh&start=431> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:24:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46317
Data envío: 16/01/2026 22:24:27.105

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28504**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, sobre **"o funcionamento do servizo de axuda no fogar (SAF) no concello de Rodeiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente da importancia que ten o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a través do que reciben atención profesional nos seus domicilios máis de 23.000 persoas con dependencia.

Por iso, neste ano 2026 destinamos a este servizo 148M€, é dicir, máis apoio económico para axudar aos concellos a facer fronte ao custo deste servizo que é de competencia municipal tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 11.

É certo que os concellos teñen que facer un esforzo económico para cubrir a financiación do SAF. Pero tamén é certo que na actualidade a Xunta achega ao SAF 12 euros/hora, o que supón un incremento do 24% con respecto á situación anterior.

Esta achega é o resultado do acordo da lexislatura pasada coa FEGAMP, en base ao cal o financiamento do Goberno galego pasou dos 9,7 €/h en 2020 aos 12 €/h. De feito, a Xunta incluso chegou a adiantar un ano o acordo para esta subida.

A proposta de lexislatura actual supón un incremento maior: dos 12€/h ata os 16€/h, o que supón unha suba do 33%.

Confiamos en que o Goberno central tamén se implique na mellora do financiamento deste servizo e da dependencia no seu conxunto, cumprindo o disposto na lei que lle obriga a financiar o 50%.

No que respecta ao concello de Rodeiro, o Goberno galego pon a disposición do ente local preto de 17.000 horas anuais de SAF, polas que achega 200.000 euros.

As sancións impostas aos concellos polo incumprimento na prestación do SAF corresponden á actividade inspectora de servizos sociais, que por lei deben verificar o cumprimento da normativa, e propoñen unha sanción cando constatan unha infracción.

É importante non esquecer que o Executivo central, sen consensuar coas administracións competentes, incrementou de xeito unilateral as horas de atención ao mes e amplía os servizos a fóra do fogar.

Todo isto leva consigo un importante custe para as Comunidades autónomas e os Concellos, que non contamos con respaldo económico".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:59:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:59:04
Nº Rexistro: 46051
Data envío: 16/01/2026 11:59:04.844

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28506**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto das condicións de acceso ás prazas das casas niño"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O programa de casas-niño é un programa impulsado pola Xunta de Galicia que ten por obxectivo facilitar a conciliación das familias con nenos ou nenas de ata 3 anos de idade que residen en concellos do ámbito rural, sempre cunha poboación inferior a 5.000 habitantes.

Para facelo posible, a Xunta de Galicia aprobou distintas ordes de subvención para a creación e o mantemento de casas-niño nestes concellos. A estas ordes téñense presentado de xeito voluntario persoas cunha formación específica e acreditada no ámbito educativo, que grazas ao seu bo facer converteron este programa nunha iniciativa pioneira en España.

Dende o inicio deste programa, a Xunta de Galicia ten introducido diferentes melloras nas contías que perciben as titulares das casas-niño, sempre en permanente contacto coas profesionais que desenvolven este programa.

De feito, a contía da prima anual que perciben as titulares das casas-niño tense incrementado de xeito notable desde o inicio deste proxecto, no ano 2016. Un proxecto que contou co rexeitamento inicial do grupo autor desta pregunta.

Respecto dos criterios de admisión, as ordes de subvención establecen os mesmos criterios para todas as casas-niño, similares aos que se aplican nas escolas infantís de titularidade autonómica, e a Xunta de Galicia non ten detectado que haxa unha necesidade de modificar estes criterios. Non obstante, está disposta a estudar as propostas de mellora que se nos trasladen neste eido, como sempre se ten feito.

En todo caso, a Xunta de Galicia seguirá traballando da man das titulares das casas-niño para continuar implantando medidas que permitan seguir prestando ás familias un servizo de calidade, e que ao mesmo tempo permitan contrarrestar decisións adoptadas polo Goberno central -como a suba de cotizacións, o aumento de impostos ou o xa mencionado recorte nas bonificacións á substitucións por maternidade- que tamén afectan ás titulares das casas-niño".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:53
Nº Rexistro: 46049
Data envío: 16/01/2026 11:58:53,353

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:58:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:53
Nº Rexistro: 46049
Data envío: 16/01/2026 11:58:53,353

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López, don Oscar Insua Lema e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a valoración do Goberno galego acerca do impacto económico e social no concello de Carballo e na comarca de Bergantiños da ampliación do polígono de Bértou, o rescate da AG-55 e a execución da variante de Carballo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Remitimos á resposta á pregunta 16949 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 25 de xuño, cuxa ligazón achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/UjIOGLbyk35Fbfe0y8DpmRxFNSxdOcfSLZu9kA5W09P1aSex)

Tamén á resposta á pregunta 16953 realizada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na sesión plenaria do pasado 9 de xullo, cuxas ligazóns achegamos para o seu coñecemento:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/VUpeRdRkP7LAEvmuUq9cnnYSHBeGo0TfSBwvNIFYDGYorlib)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWAzUrRN08](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/NMwUN3sN6mPWW4krOuhUFOVqX4ftHxxh2YEchDNWAzUrRN08)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:33:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:33:01
Nº Rexistro: 46714
Data envío: 20/01/2026 10:33:01.913

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28590**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Roberto Rodríguez Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"os atrasos na planificación e nos trámites para a execución, por parte do Goberno central, da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta vén denunciando a falta de vontade política do Goberno e os incumprimentos en relación á execución das infraestruturas viarias comprometidas en Galicia.

A autovía A-76 é clave para acceder á Meseta desde o interior da comunidade e non pode esperar.

Esta vía conectará Ponferrada con Ourense, atravesando as comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos, vertebrando tamén estas zonas das provincias de Lugo e Ourense.

Pese a ser unha infraestrutura estratéxica, segue na lista de incumprimentos e agravios do Goberno central con Galicia.

Tras o anuncio da aprobación provisional e a información pública do proxecto do treito entre Villamartín de la Abadía e Requejo, en León, esperamos que por fin comece a impulsarse esta actuación tan transcendental.

Agora, o Goberno debe trasladar aos galegos información rigorosa e transparente sobre as previsións reais que manexa en canto á súa execución.

Galicia precisa un maior compromiso do Estado coa súa vertebración, e unha renovación integral que garanta a seguridade. Ademais da A-76, e do retraso da A-54, as outras poucas obras significativas da rede viaria do Estado só sofren atrancos como a Variante Norte de Ourense (Eirasvedras-Quintela), Variante do Barco ou o Nudo de Bombeiros en Pontevedra.

O resto é un deserto: nos últimos anos non está a haber avances na A-74 (Autovía da Mariña) ou na A-56 (Ourense – Lugo), por só citar algúns exemplos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Os accesos a Galicia están a ter problemas operativos constantes por diferentes razóns, que son afrontadas polo Estado de modo reactivo, sen unha estratexia planificada de actuación:

a A-8, segue cos problemas de néboa a A-52 leva anos con restricións de tráfico por obras de emerxencia nos viadutos e co firme deteriorado Ao igual que a A-6, que ademais tivo o problema dos viadutos do Castro.

E a rede convencional do Estado ten un estado de emerxencia en canto aos seus firmes, con casos que chaman a atención como a N-640, pero que en realidade é un problema xeral.

Tampouco se mellora e estanse a suceder mobilizacións por actuacións como o empeoramento da N-547 entre Arzúa e Melide, ou a non execución en Ponteareas da mellora da seguridade da N-120. Entre outros moitos exemplos.

Pola contra, Galicia destinará en 2026 a CONSERVAR E MELLORAR A REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS, un investimento histórico de 71,6M€ (3 millóns máis que en 2025) dos que 27 M€ se destinan a reforzos de firme e conservación extraordinaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:58:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:36
Nº Rexistro: 46046
Data envío: 16/01/2026 11:58:36.824

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28607**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento das oficinas de xustiza municipais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza supuxo a introdución de novidades fundamentalmente no que respecta á organización dos xulgados.

Un dos cambios máis significativos é a conversión dos actuais Xulgados de Paz en Oficinas de Xustiza dos municipios. E os cambios non se limitan ao nome, afectan tamén ás súas funcións e ás características do persoal que debe atendelas.

A Lei non vén acompañada de orzamento por parte do Estado. Segundo establece a propia Lei, serán os concellos e as comunidades autónomas que teñan transferidas competencias en Xustiza ás que asuman o coste do seu funcionamento.

Dos 313 municipios galegos, 45 son cabeceiras de partidos xudiciais, en 78 as Oficina de Xustiza no municipio están atendidas por funcionarios de xustiza porque así o xustifica a carga de traballo e nos 190 concellos restantes, por funcionarios del propio concello ou persoal idóneo.

As oficinas atendidas por funcionarios de xustiza son as de Arteixo, Cambre, Cerceda, Culleredo, Oleiros, Melide, O Pino, Bergondo, Pontedeume, Sada, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Camariñas, Cee, Muxía, Vimianzo, Zas, As Pontes de García Rodríguez, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Valdoviño, Carnota, Mazaricos, Outes, A Baña, Brión, Santa Comba, Porto do Son, Oroso, Val do Dubra, Cedeira, Rianxo, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Ames, Teo, Monterroso, Ribadeo, O Saviñao, Quiroga, Begonte, Cospeito, Guitiriz, Burela, Foz, Viana do Bolo, Allariz, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, Forcarei, Valga, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Moaña, Silleda, Vila de Cruces, Bueu, Mos, Salceda de Caselas, A Cañiza, Mondariz, Salvaterra do Miño, Poio, Ponte Caldelas, Soutomaior, A Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Nigrán, Vilanova de Arousa.

O Ministerio de Xustiza o as comunidades autónomas con competencias en materia de Xustiza nos seus respectivos ámbitos, poderán establecer Agrupacións de Oficinas de Xustiza de municipios limítrofes dun mesmo partido xudicial para a prestación á cidadanía dos servizos e en tales casos determinárase o municipio cabeceira da agrupación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En Galicia a regulación das Agrupacións de Oficinas de Xustiza do municipio réxese polo Decreto 168/2008, de 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz. Trátase dunha posibilidade que por suposto debe ser debatida e consensuada entre todos os concellos que vaian a conformar a agrupación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:24:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46313
Data envío: 16/01/2026 22:24:01.207

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28630**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da proposta de actualización da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia para permitir o voto desde os 16 anos de idade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Non corresponde ao Goberno galego promover a modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:33:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46345
Data envío: 16/01/2026 22:33:00,947

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28646**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"o balance das medidas que vén impulsando o Goberno galego para facilitar o acceso da mocidade á primeira vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten artellados un paquete de medidas para dar resposta á emexerncia habitacional que afecta ao colectivo da mocidade:

1. Polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro que se constrúan na Lexislatura estarán destinadas a mozos de ata 36 anos. Un 25% das vivendas en venda tamén estarán reservadas para eles.
2. Temos xa adxudicados os proxectos dos primeiros aloxamentos compartidos para mozos de Santiago de Compostela, Vigo e Lugo . Verán iniciar as obras neste novo exercicio, co obxectivo de que estean dispoñibles antes de rematar a Lexislatura.
3. Os orzamentos 2026 fan crecer un 13%, ata os 4,8 millóns de euros as axudas á compra de vivenda tanto para mozos en núcleos con menos de 10.000 habitantes, como en centros históricos ou para facilitar o acceso a vivendas protexidas. No caso da adquisición por mozos pásase dos 2,3 aos 2,8M€.
4. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia dispón de apoios para que a xente moza opte a avais para sufragar a primeira compra de vivenda con hipoteca. O IGVS avala ata un 20% do prezo de adquisición da vivenda, ou o seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor para a adquisición da primeira vivenda en propiedade. Deste xeito o mozo adquirente poder obter un préstamo hipotecario do 100% do prezo da vivenda. Unha medida que desde o ano 2023 permitiu conceder avais por case 4 millóns de euros.
5. Rebaixamos tamén os impostos para os menores de 36 anos: a compra da vivenda habitual só paga un 0,5% en actos xurídicos documentados. No imposto de transmisións patrimoniais baixamos do 8% ao 3% e incluso ao 0% en zonas pouco poboadas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





6. Axudas ao alugueiro xerais. Con carácter xeral o 50 %, co límite máximo de 600 / 550 / 425 euros segundo á área xeográfica na que se atope a vivenda. Para menores de 36 anos o importe da subvención incrementase en 10 punto, pasando a ser do 60 % .

7. Xunta xa adxudicou o 100% das axudas ao alugueiro da convocatoria vixente (2024-2025) do Plan de Vivenda 2024, cofinanciado con 10M€ de fondos propios.

8. E xestionamos o Bono Alugueiro Mocidade. Axuda ao pagamento do alugueiro por parte de mozos menores de 36 anos no momento de solicitar a axuda.

Un bono financiado con escasos fondos estatais: 11 M€ para 2025 e 2026 e creado sen consenso das comunidades. Antes de rematar o prazo xa estabamos a comunicar as primeiras concesións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:58:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:18
Nº Rexistro: 46043
Data envío: 16/01/2026 11:58:18.323

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28653**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"a sentenza do Tribunal Supremo do 8 de maio de 2025 relativa á participación política e o respecto aos dereitos das deputadas e dos deputados ao acceso á información solicitada ao Goberno galego desde o Parlamento de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en resposta á pregunta oral en Comisión número 28652, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 3 de setembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa da directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTdiODA4NzctYjNjNC00YmQ5LWFhNmQtMmJmMjhjYzQ3MGE2&start=7128>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTdiODA4NzctYjNjNC00YmQ5LWFhNmQtMmJmMjhjYzQ3MGE2&start=7845>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:32:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46344
Data envío: 16/01/2026 22:32:54.935

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28655**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as características, as novidades e os prazos para a tramitación dos fondos de cooperación da Xunta de Galicia cos concellos en materia de vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia, a colaboración dos concellos resulta esencial para incrementar as oportunidades de vivenda dos galegos, xa non só no referido ao solo que se quere desenvolver mediante os PIA, senón tamén a identificación de parcelas de titularidade municipal, que os concellos poden ceder á Xunta para promover vivenda a prezo asequible.

A Administración autonómica está a poñer ao dispor dos concellos múltiples ferramentas para que poidan exercer as súas competencias na materia e desenvolver parques de vivenda pública propios, de promoción municipal ou ben vivenda protexida a través de promotores e/ou cooperativistas.

A Xunta de Galicia tomou a iniciativa e pu publicou o pasado 3 de maio ademais a nova medida para facilitar o acceso á vivenda e que alenta a cooperación cos concellos. O novo fondo de cooperación para financiar sen xuros a construción de nova vivenda protexida que se ven sumar á 9ª convocatoria do fondo de cooperación para a rehabilitación e conservación do patrimonio construído para concellos de menos de 50.000 habitantes.

En total, puxéronse a dispor dos concellos 13,7M€. Porque neste reto de garantir o dereito á vivenda, a cooperación entre administracións é absolutamente esencial e require accións coordinadas, planificación estratéxica e, sobre todo, vontade política.

Galicia está a demostrar que as administracións van da man, cando hai colaboración, os proxectos fanse realidade.

Dous fondos que non só lles aportan recursos financeiros, senón que fortalecen a capacidade das entidades locais para exercer as súas competencias en vivenda.

No caso do novo fondo para nova construción, os concellos poden acceder a financiamento sen xuros para promover vivenda protexida, urbanizar solo ou mesmo adquirilo para futuros desenvolvementos residenciais. Este fondo ten un orzamento de 10M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola súa parte, o fondo de rehabilitación, que xa leva oito edicións desde 2017, está dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes. Financia a rehabilitación de vivendas e edificios ou o remate de edificacións non acabadas.

É un exemplo claro de como dende o ámbito autonómico se pode apoiar o rural, loitar contra o abandono dos núcleos históricos e revitalizar o patrimonio construído nas nosas vilas e pequenas cidades. Este fondo ten un orzamento de 3,7M€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:58:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:06
Nº Rexistro: 46041
Data envío: 16/01/2026 11:58:06.272

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28665**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da promoción de vivenda pública na cidade de Lugo e outras medidas para a rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Lugo é prioridade para a Xunta, de feito a Administración autonómica ten comprometidos 100M€ en materia de vivenda na cidade.

A Xunta iniciou o pasado verán as obras dun novo edificio para 70 vivendas de promoción pública na parcela B3 do barrio lucense de Garabolos, e cuxo investimento total ascende a 13,3M€, dos que o 73,6% son fondos propios e o resto corresponden a fondos europeos.

A Xunta ten en construción neste momento 146 vivendas de promoción pública en Garabolos, dentro das 600 que están en marcha en diferentes fases de execución na cidade.

Ao menos o 40% das vivendas destinaranse en exclusiva ao alugueiro para menores de 36 anos e nas destinadas á venda, un 25%.

Do mesmo xeito a Xunta creará un inmovble na cidade destinado a 50 aloxamentos temporais e compartidos en Illa Coelleira, nunha das parcelas cedidas polo Concello, xunto coas de Paradai e Angelo Colocci, onde se construírán outras 87 vivendas.

Por outra banda, a Administración autonómica promove a rehabilitación dos inmoables en Catedral 18 e 22 ao abeiro do programa Rexurbe, así como a recuperación e posta en valor do pazo de Dona Urraca, e a rehabilitación e construción doutros inmoables no entorno.

A Xunta esta a colaborar activamente co Concello de Lugo, tanto en construción de nova vivenda como na recuperación do patrimonio".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:58:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:58:00
Nº Rexistro: 46040
Data envío: 16/01/2026 11:58:00,243

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28670**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para aumentar a dispoñibilidade de vivenda protexida na área de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento residencial de Vigo estase a concentrar, especialmente, na zona de San Paio de Navia, onde a Xunta contempla a construción dun total de 1.600 vivendas, distribuídas en tres polígonos.

No Polígono 1 están previstas 733 vivendas, das cales 359 corresponden a vivendas de promoción pública.

No Polígono 2 proxéctanse 719 vivendas, con avances significativos, xa que foron licitados os proxectos de 577 delas.

Pola súa banda, no Polígono 3 están previstas 147 vivendas protexidas, reforzando o carácter social do ámbito.

Do conxunto destas actuacións, a día de hoxe hai 920 vivendas en marcha en Navia, o que evidencia o forte impulso dado ao ámbito.

En concreto, 309 vivendas teñen a obra adxudicada, das cales 293 xa se atopan en execución; 43 vivendas, correspondentes a un inmovle, teñen a obra actualmente licitada; e 567 vivendas, distribuídas en 12 inmoables, contan co proxecto licitado ou en fase de redacción. Dentro deste último grupo inclúense 80 aloxamentos compartidos destinados a menores de 36 anos, co obxectivo de facilitar o acceso á vivenda á mocidade.

No que respecta ao Polígono 1, neste momento están en execución 9 obras que suman 294 vivendas de promoción pública, ás que se engaden 16 vivendas industrializadas con obra xa adxudicada, para as cales se ten contratado o correspondente servizo de control de calidade. A este conxunto de actuacións súmase a licitación da obra dun novo inmovle de 43 vivendas, obxecto da visita realizada hoxe.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto ao Polígono 2, atópase adxudicada a redacción do proxecto e a dirección de obra de 12 inmobles, que permitirán a construción de 567 vivendas, incluíndo os 80 aloxamentos compartidos, consolidando así este polígono como un dos eixos fundamentais do crecemento residencial de Navia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:57:42
Nº Rexistro: 46037
Data envío: 16/01/2026 11:57:42.064

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:57:41

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a regulación, os protocolos e as pautas que rexerán os centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con este novo servizo trátase de poder chegar a aqueles concellos que actualmente contan con este recurso, así como no ámbito universitario.

Para determinar as necesidades a satisfacer con este novo servizo partiuse da experiencia previa da actuación desenvolta por parte da Administración autonómica dende a aprobación do Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, e do posterior Decreto 130/2016, do 15 de setembro, tendo en conta os informes anuais que os máis de 80 CIM actualmente existentes remiten anualmente á Xunta de Galicia.

Ademais, tamén se terá en conta toda a información recibida na escoita activa da fase 1 do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia.

A colaboración e coordinación interinsitucional é fundamental para poder prestar unha axeitada atención ás vítimas de violencia de xénero, polo que os CIM móbiles estarán coordinados cos CIM físicos xa existentes así como cos centros de crise para atender todas aquelas necesidades que as vítimas precisen, priorizando sempre a súa vontade e o principio de proximidade, posto que a finalidade dos CIM móbiles é prestar atención directa ás vítimas no seu lugar de residencia evitando desprazamentos e duplicidade de trámites.

No tocante á regulación e ás pautas de funcionamento, os CIM móbiles estarán rexidos polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Con carácter previo á súa posta en funcionamento, aprobarase unha carta de servizos así como un protocolo de funcionamento e coordinación con outros servizos de atención á vítimas de violencia de xénero, todo elo co obxecto de buscar unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero e sexual".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:34:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:34:06
Nº Rexistro: 46024
Data envío: 16/01/2026 11:34:06.101

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28860**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"as valoracións que fai o Goberno galego no que se refire ás cifras actuais da oferta de prazas nas escolas infantís da rede pública da Xunta de Galicia en Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia destinou no 2025 case 13 millóns de euros ao mantemento de preto de 4.000 prazas gratuítas en escolas infantís 0-3 na cidade de Vigo, fronte aos 0 euros que destina o Goberno de Pedro Sánchez a esta materia pese as súas reiteradas promesas. Por iso, o Parlamento de Galicia ten demandado que o Goberno central colabore e dedique recursos ao programa de gratuidade das escolas infantís 0-3, como leva anos anunciando sen achegar nin un só euro.

Na actualidade, Galicia é líder absoluta e referencia en España nesta materia, coa taxa de escolarización máis elevada de toda España. Iso significa que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha escola infantil, que a diferenza doutras comunidades autónomas, ofrecen a atención educativa gratuíta nun máximo de 8 horas ao día e 11 meses ao ano. É o programa de gratuidade máis potente de España.

Ademais, a taxa de cobertura no caso de Vigo rolda o 70% para unha etapa educativa que, lembramos, é voluntaria. Ademais, a Xunta de Galicia tamén anunciou recentemente a creación de 30 novas prazas no edificio da Gota de Leite, que sumadas as xa existentes neste complexo sumarían máis de 130.

Entendemos que a taxa de cobertura existente en Vigo dá unha resposta axeitada ás familias, xa que o Concello de Vigo non se presentou a ningunha das tres convocatorias de subvención abertas pola Xunta de Galicia para a creación de prazas 0-3. Lembramos que -a instancias dos propios concellos, como por exemplo Vigo- a Administración autonómica puxo a disposición de todos os concellos de Galicia máis de 34 millóns de euros dos fondos MRR específicos para a creación de novas prazas 0 a 3, e que outros concellos da provincia de Pontevedra si se presentaron a estas convocatorias e agora contarán con máis prazas 0-3 para os seus veciños".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:33:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:33:53
Nº Rexistro: 46022
Data envío: 16/01/2026 11:33:53.032

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28970**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil na estrada AC-523"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta xa conta cunha proposta para o deseño dun paso inferior peonil que permita cruzar de modo seguro a estrada AC-523 en Ledoño, Culleredo, e anuncioulle ao concello hai unhas semanas que traballa tamén na redacción dun proxecto complementario de medidas adicionais de seguridade viaria para o treito. Ata que estea executada a actuación do paso inferior que garantirá a seguridade, manterase a denominada Glorieta de Ledoño.

A actuación que vai desenvolver a Administración autonómica busca mellorar a mobilidade dos peóns e reforzar a súa seguridade no cruce desta estrada na intersección do punto quilométrico 1+360. O investimento estimado das actuacións de seguridade viaria prevista neste ámbito ascende a 700.000 euros. A previsión é que este proxecto poida estar redactado a finais deste ano para sometelo a información pública co fin de licitar e executar as obras en 2026.

Xunta e Concello tamén abordarán a iluminación desta estrada AC-523 cun proxecto de seguridade viaria que se redactará en paralelo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:25:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:25:24
Nº Rexistro: 46013
Data envío: 16/01/2026 11:25:24.805

CSV: BOPGDSPG-MfxcvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 29076**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"os prazos para o inicio do proxecto de mellora da dársena do porto de Malpica de Bergantiños"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A seguridade no mar e concretamente no porto de Malpica é unha prioridade para Portos de Galicia como amosa todo o traballo realizado para definir unha solución técnica que mellore as condicións no interior da dársena.

Nos últimos anos destináronse máis de 2 millóns de euros ao porto de Malpica, dos cales un 75% foi no relativo á seguridade das instalacións e na planificación de investimentos prevista para os vindeiros anos esta actuación mantense como unha das de maior importe previsto.

Trátase dunha problemática moi complexa xa que tal como demostran os traballos técnicos realizados ata o momento, o porto de Malpica ten unha situación de exposición "extrema" que propicia un efecto de resonancia que soe afectar máis noutras comunidades cantábricas que en Galicia. Trátase dunha problemática pouco coñecida que non se tiña en conta no deseño dos portos en décadas pasadas e Portos está a abordala con estudos pioneiros.

Ata o momento, os resultados dos estudos realizados non foron concluíntes, polo que non permiten deseñar a solución definitiva, motivo polo cal se teñen encargados novos estudos. Para isto, o pasado mes de decembro de 2025 Portos de Galicia e a Universidade da Coruña asinaron un convenio en virtude do cal o ente público inviste 262.000 euros. En base a este acordo o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) de recoñecido prestixio investigador, estudará posibles solucións cun modelo físico en 3 dimensións que supón unha ferramenta innovadora fronte aos modelos matemáticos.

Ademais o ente público contempla nos orzamentos de 2026 unha partida plurianual de 6 millóns de euros (cunha anualidade de 300.000 para os estudos neste exercicio). Esta cifra, que deberá actualizarse en función dos resultados dos estudos que permitan definir a solución técnica definitiva, dá mostra do compromiso tamén a futuro de Portos de Galicia con esta cuestión.

Así mesmo, o cronograma de actuación virá definido tamén pola solución que se determine en función dos resultados dos estudos en execución."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:43:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:43:10
Nº Rexistro: 47477
Data envío: 22/01/2026 16:43:10.192

CSV: BOPGDSPG-MfxvCzRO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

